

galicia

escenarios
ao volante

25 rutas insólitas
polas mellores paisaxes

50 miradoiros
imprescindibles

Océano Atlántico

Mar Cantábrico




ASTURIAS

CASTELA E LEÓN


PORTUGAL



Escala 1: 1.100.000

-  Autoestrada de peaxe
-  Autovía
-  Rede principal de estradas

Descarga as rutas en www.turismo.gal



AS RUTAS

Mar infinito

- 1 Ribadeo - Pico da Frouxeira Páxina 5
- 2 Porto de Espasante - Faro de Estaca de Bares 9
- 3 Cedeira - Cabo Ortegal 13
- 4 Castelo da Palma - Castelo da Nogueirosa 17
- 5 Faro de Laxe - Punta do Roncudo 21
- 6 Circular de Camariñas 25
- 7 Faro de Fisterra - Miradoiro do Ézaro 31
- 8 Faro de Corrubedo - Monte Enxa 35
- 9 Cabo Udra - Cabo Home 39
- 10 Monte Cepudo - Monte Aloia 43
- 11 Baiona - Santa Trega 47

Vales, ríos e montañas

- 12 A Fonsagrada - Negueira de Muíñz 51
- 13 Navia de Suarna - As Pontes de Gatin 55
- 14 Pedrafitas do Cebreiro - Samos 59
- 15 A Cruz do Incio - Miradoiro do Teso Grande 63
- 16 Chantada - Os Peares 67
- 17 Monforte de Lemos - Santo Estevo de Ribas de Sil 71
- 18 A Veiga - Penedos de Oulego 77
- 19 A Pobra de Trives - As Ermidas 81
- 20 Montederramo - Manzaneda 85
- 21 A Gudiña - Pradoalbar 89
- 22 Aquis Querquennis - A Portela do Home 93
- 23 Ourense - Ribadavia 97
- 24 Avión - Miradoiro das Tres Rías 101
- 25 Mosteiro de Aciveiro - Mosteiro de Carboeiro 105

- A Bailadora Páxina 112 2 Pico Sacro
- Vixía de Herbeira 113 4 Miradoiro de Cubeiras
- Monte Treito 114 6 Miradoiro do Ézaro
- Monte do Facho 115 8 O Semáforo de Bares
- Monte do Facho 116 10 Seixo Branco
- Os Picóns de Loiba 117 12 A Curota
- Monte Branco 118 14 Castelo da Nogueirosa
- Monte Caxado 119 16 Monte Enxa
- Mirador do Paraño 120 18 O Farelo
- Monte Faro 121 20 Alto da Cobaluda
- Hospital de Montouto 122 22 Pico da Frouxeira
- Porto de Ancares 123 24 O Cebreiro
- Miradoiro da Cova 124 26 Miradoiro de Souto Chao
- 125 27 Miradoiro de Muronovo
- Monseivane 126 29 Miradoiro de San Roque
- Miradoiro de San Fiz 127 31 Miradoiro do Pedreiriño
- Castelo de Monterrei 128 33 Miradoiro de Cabezoás
- Miradoiro do Barranco Rubio 129 35 A Moá
- Torre da Pena 130 37 Miradoiro do Cortelliño
- Monte do Facho 131 39 Faro de Avión
- Con da Siradella 132 41 Santa Trega
- Miradoiro das Tres Rías 133 43 Monte San Nomedio
- Cano dos Mouros 134 45 A Fracha
- 135 46 A Peneda
- Miradoiro da Cruz de San Xiao 136 48 Monte Cepudo
- Miradoiro de Cotorredondo 137 50 Miradoiro da Cruz de Lobeira

- A Coruña**
Miradoiro de San Pedro 140
- Santiago**
Paseo dos Leóns 142
- Ourense**
Montealegre 145
- Vigo**
Monte do Castro 147

AS OLLADAS URBANAS

- 141
Ermida de Chamorro
Ferrol
- 144
Muralla Romana
Lugo
- 146
A Caeira
Pontevedra





O célebre escritor galego —Álvaro Cunqueiro— bautizou a Galicia como “o país dos mil ríos”. D. Álvaro non sabía o número exacto, nin o precisaba, porque o que realmente quería era falar da alma dun territorio no que a auga alimenta permanentemente os seus capilares. Un espazo privilexiado que enfeitiza dende a primeira ollada polo tapiz verde que o cobre.

En Galicia podemos subir ás montañas do macizo de Pena Trevinca que superan os 2000 metros, navegar polos canóns do río Sil ou do río Miño, perdernos nas praias case desertas da Costa da Morte, de Ortegá ou da Mariña Lucense ou mesturarnos cunha natureza feraz percorrendo os bosques do Courel ou dos Ancares. Podemos sentarnos a sentir a vertixe

de cantís case verticais que superan os 600 metros de altura de caída sobre o mar, ou acubillarnos en mornos vales; e aproveitar a riqueza pesqueira dunhas rías que acugulan os sentidos coa súa beleza.

Ante todo, e sobre todo, Galicia é paisaxe. Unha paisaxe que expresa o vencello dos seus homes e mulleres coa terra, que conxuga o modelado natural co cincelado pousado das xeracións de persoas que a habitaron, e esculpiron nela as necesidades e realidades sociais de cada época. Os sucalcos da Ribeira Sacra, os mosaicos de prados, as hortas traballadas habelenciosamente, as vilas e cidades, os camiños e as estradas que percorren a súa xeografía... Todo isto é paisaxe.

Cada viaxe é un proceso único e persoal. As sensacións que a cada un


lle transmitan estas paisaxes serán tamén exclusivas. Por iso o propósito desta guía antóllase insuperable: escoller as 25 rutas polas mellores paisaxes de Galicia e sinalar os 50 miradoiros imprescindibles que ninguén se pode perder. Cantas versións diferentes habería que editar para atender a todas as opinións? Cantos miradoiros habería que sinalar para dar cabida a todos os puntos de vista?

Galicia é rica en paisaxe, e os percorridos que se marcan nesta publicación son unha invitación a desvelar os seus segredos. As 25 rutas son un camiño iniciático a unha realidade complexa e viva, na que sempre haberá oportunidades para descubrir unha ruta número 26.



25

rutas insólitas
polas mellores paisaxes



De Ribadeo ao pico da Frouxeira...polas catedrais do Cantábrico

1

O litoral de Ribadeo e Barreiros é a liña principal deste itinerario que transcorre entre suaves areais e cantís de formas caprichosas. Pero a beleza da costa non é o único valor deste percorrido, xa que conta ademais cun rico patrimonio e a presenza de vilas senlleiras como Rinlo e Ribadeo.



A Mariña Oriental de Lugo conta cun dos litorais máis singulares de Galicia. A ampla chaira costeira configura un espazo no que se asentan aldeas e vilas, campos de cultivo e montes. As amplas vistas ao mar Cantábrico mostran unha sucesión de areais, tendo na praia das Catedrais o seu principal referente. Cos pés en Galicia pero a mirada en Asturias, Ribadeo sitúase na marxe esquerda da ría de mesmo nome. O río Eo fai de límite entre as dúas comunidades, unidas simbólica e fisicamente pola Ponte dos Santos. Moderna e funcional, a ponte une as ribeiras dende 1987, contando con senllas capelas en cada extremo (San Román en Castropol, San Miguel en Ribadeo)

A Ribadeo, a Ribadeo, que alí tamén fun eu.

Cando o Mondigo pon o capelo, todas as vellas tembran de medo.

que explican a súa denominación.

Ribadeo é vila relevante. A herdanza indiana exprésase a través dunha singular e senlleira arquitectura fortemente influenciada pola emigración galega en América durante os séculos XIX e XX. A Torre dos Moreno (1915) é un dos máximos expoñentes deste intercambio cultural.

O itinerario está en contacto co mar dende o punto de inicio no Peirao de Porcillán, a carón do porto deportivo de Ribadeo. Tras pasar por baixo da Ponte dos Santos, a denominada Estrada do Faro lévanos, ao

pouco, cara a primeira parada obrigada: o Castelo de San Damián e o Cargadoiro. O primeiro é un forte do século XVIII que protexía a ría de Ribadeo, declarado Ben de Interese Cultural no ano 1994. O segundo é un antigo cargadoiro de minerais creado a comezos do século XX para darlle saída ao ferro das minas de Vilaodríz, unidas por tren co peirao.

Seguindo a costa, un curto desvío leva cara o vello faro de Illa Pancha, edificado no 1857. Lugar delicioso, a pequena illa é bañada polas augas azul turquesa do mar Cantábrico en contraste coas vivas cores das matogueiras costeiras e os cantís.

O percorrido prosegue entre os campos da chaira litoral até chegar a Rinlo, un dos núcleos de poboación senlleiros da costa galega.

▼ Panorámica dende o pico da Frouxeira



Seguindo a rentes do mar achegámonos ás praias de: Os Castros, As Illas, Esteiro... que deixan paso á máis coñecida de todas elas, As Catedrais, cos seus famosos arcos de pedra. A sucesión de praias prosegue por terras de Barreiros: Arealonga, Lángara, Benquerencia, Remior, etc. Entre medias un inte-

resante legado patrimonial con xacementos arqueolóxicos como o da Punta do Castro ou a tumba medieval antropomorfa da praia do Coto.

O treito final, xa no concello de Foz, lévanos polo esteiro do río Masma, desviándose cara ao punto de destino, o prominente pico da Frouxeira. Neste rochedo de 427 metros

de altitude erguíase unha fortaleza baixomedieval que posiblemente pertenceu a Pardo de Cela, mariscal galego do século XV enfrontado aos Reis Católicos. As estruturas da construción son o único vestixio da fortaleza, que contaba cunha ampla vista da ría de Foz e das terras interiores de Alfoz e O Valadouro.



Vista aérea de Illa Pancha ▲



A **praia de Augasantas** é monumental, até o punto de ser coñecida como As Catedrais. A sucesión dunha serie de cantís e arcos rochosos conforma unha parede que ben podería ser parte do mellor gótico galego. Arcos, grutas... pedra sostendo a terra e descansando no mar como se dunha obra de moderna enxeñaría se tratase.

Sucesivas fases de presenza e retirada do mar, movementos tectónicos e a erosión mariña foron modelando as formacións de lousa e cuarcita, labrando un auténtico monumento natural, e como tal foi declarada no ano 2005. A contorna posúe tamén formidables valores naturais que se recollen na figura de protección ambiental Zona de Especial

Conservación (ZEC) As Catedrais, fundamentalmente pola presenza de salientable vexetación costeira (destacando a acelga salgada) e mais gran diversidade de aves. A protección desta área esixe que os visitantes soliciten autorización previa, pudiendo xestionarse a través da páxina da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Non te podes perder...

Rinlo

! A **Mariña Oriental** é unha comarca que conta con interesantes espazos naturais para a observación de aves. A combinación de augas doces e salgadas das rías de Ribadeo e Foz proporcionan hábitats que acollen unha importante diversidade de especies.

Rinlo conserva todo o encanto mariñeiro dunha poboación que parece detida no tempo. As súas construcións fóronse acomodando sobre os cantís costeiros nunha sucesión de vivendas encaramadas ao mar, sustento da vida dos seus habitantes.

A pequena enseada onde se atopa serviu de refuxio natural aos pescadores, mesmo dende o tempo no que se capturaban baleas.

A trama tradicional do núcleo permanece inalterada, con pequenos calexos irregulares que puntualmente se abren cara o mar. A paisaxe conserva o seu patrón con pequenas parcelas de cultivo que complementan a actividade mariñeira.

Perfectamente encastadas, as casas de Rinlo coidan unhas das outras fronte aos temporais e configuran unha estampa singular cos seus tellados de lousa a dúas augas e a súa pulcritude de formas.

As históricas cetarias, próximas á vila e construídas a inicios do século XX, son a base da tradición gastronómica da vila, nomeadamente o arroz caldoso con lumbrigante.



Do Porto de Espasante ao faro de Estaca de Bares... cantís, portos e luz

2

O litoral de Ortigueira e Mañón presenta algúns dos cantís máis impresionantes de Galicia. A abrupta costa procura descanso en abrigados portos que acubillan agradables vilas. Praias de mar aberto, miradoiros naturais, patrimonio e vilas nun percorrido polas paisaxes costeiras do norte de Galicia.



O Porto de Espasante é o inicio dun itinerario por unha costa fascinante. Núcleo mariñeiro, conta cun peirao que concentra grande parte da actividade pesqueira de Ortigueira. O istmo, entre as praias da Concha e a de San Antonio, remata na Punta dos Prados, lugar de relevancia pola presenza dun castro marítimo de estratéxica posición. Moi preto, a Garita da Vela vixiaba, dende comezos do século XVIII, a enseada de Espasante e a entrada á ría de Ortigueira. Aliñada coa Garita de Herbeira e co Semáforo de Bares,

a Vela conformaba un completo sistema de sinalización e vixilancia marítima nestas perigosas costas. O percorrido prosegue por Es-

A luz cría matices sobre as augas: grises, cores, azuis case verdes e o negro dos fagotes que descenden da mítica montaña.

pasante e Céltigos, na procura do desvío cara a Loiba e o seus imponentes cantís nos que se sitúa o coñecido como “mellor banco do mundo” po-


las súas espectaculares vistas. De volta á estrada, aldeas e masas forestais achégannos cara ao Porto do Barqueiro. Agochado no fondo da ría, no fermoso esteiro do río Sor, é un destes núcleos litorais exemplares. As súas casiñas con tellados de lousa amoréanse en estreitas rúas. O pequeno peirao contrasta coa grande activade pesqueira, localizado nun fantástico enclave fronte á lingua de area dunha praia de axeitado nome, Area-longa, pertencente xa ao Vicedo. O camiño transcorre agora cara a

▼ O Barqueiro





O **peirao de Bares**, coñecido como o Coído, é un amoreamento de pedras de 300 metros de lonxitude. Atribuído aos fenicios, posiblemente sexa de período romano dado os numerosos restos desa época na contorna. A probable orixe natural da acumulación de cantos foi aproveitada como porto e, unha altura de 7-8 metros, indica as grandes dimensións que puido ter en orixe. O Porto de Bares é a entidade de poboación máis ao norte de España, sendo punto relevante de paso marítimo dende antigo.



O Coído de Bares ►

Bares. Con este nome podemos denominar diversas realidades. A primeira que atoparemos será A Vila de Bares, aldea tradicional que conserva agras, peches e hórreos, sempre coa mirada posta no mar. A praia de Bares, amplo areal que conta cunha preciosa zona de cantos rodados, anticipa a chegada ao Porto de Bares. Ambos os dous, a vila e o porto, son moi semellantes, a versión labrega e a versión mariñeira dun núcleo tradicional. No porto, as casas achéganse á area e xúntanse na procura de protección fronte aos fortes ventos

da zona. No final da praia sitúase un singular peirao: o Coído. O ascenso ao Semáforo de Bares ofrece vistas da enseada e da illa Coelleira, que agocha restos dun vello mosteiro medieval, protagonista de diversas lendas. O Semáforo é un punto de observación marítima do século XIX dende onde se emitían sinais con bandeiras e luces aos barcos. Foi tamén posto militar e base meteorolóxica e de comunicacións. Localizado a mais de 200 metros sobre o nivel do mar, as súas vistas son formidables. De camiño ao faro de Bares, a estación ornitolóxica indica a

relevancia desta costa para o tránsito de aves, sendo punto esencial para a súa observación, principalmente en períodos de grandes migracións. A vertente acantilada forma parte do LIC Estaca de Bares. A relevancia estratéxica do lugar demostra a presenza dunha antiga base militar da Mariña dos Estados Unidos abandonada dende o ano 1991. A derradeira punta da costa, o punto máis setentrional da Península Ibérica, alúmase co faro construído en 1850, sempre azoutado polos ventos e abondosas choivas procedentes do océano.

Non te podes perder...

O mellor banco do mundo

! A illa **Coelleira** agocha segredos. A tradición oral transmite que os monxes do mosteiro bieito de San Miguel navegaban até Viveiro en barcas de coiro para dar misa. Reocupada polos templarios, a lenda di que se lles deu morte a todos eles, agás a un que fuxiu sen os seus hábitos, refuxiándose nunha casa do Vicedo que a día de hoxe aínda se coñece como *Casa do Paisano*.

Loiba presume dun banco situado no borde dos cantís desde o que a amplitude de vistas permite unha panorámica completa deste tramo do litoral.

Os cantís de Loiba, no concello de Ortigueira, son un sector litoral acantilado con alturas que, nalgúns tramos, superan os 100 metros de desnivel. A presenza de illotes, furnas e covas indica o dinamismo da xeomorfoloxía deste tramo da costa.

Os accesos ás praias, por revirados camiños que salvan as fortes pendentes, resultan complicados.

A aldea do Picón destaca pola súa posición no borde litoral e polo seu interese etnográfico con hórreos moi representativos das tipoloxías propias da zona, un muíño de vento e diversas construcións de arquitectura popular.


Beleza e espectacularidade coa presenza, en primeiro termo, de saíntes rochosos como a punta de Pena Furada, de caprichosas formas pola acción erosiva. No horizonte, cara ao oeste, a imponente figura de cabo Ortegal.



De Cedeira a cabo Ortegal...os miradoiros ao norte do norte

3

Cantís, espiritualidade, néboa, serras... o percorrido entre Cedeira e cabo Ortegal condensa, en pouco máis de 20 quilómetros, todo un amplo mostrario dos valores paisaxísticos e etnográficos da costa galega. Un itinerario que, en moitos dos seus tramos, é un miradoiro continuo sobre o océano Atlántico, transitando por algúns dos cantís de maior altitude da Europa continental



Océano Atlántico

0 1 2 Km



Cedeira, vila mariñeira que lle da nome a unha agarimosa ría, é o punto de partida desta viaxe por algúns dos miradoiros máis espectaculares da costa norte da provincia da Coruña. O estreito rueiro do casco antigo convida ao paseo a pé. Partindo da Praza do Peixe percórrense as paisaxes urbanas de Cedeira, na procura da estrada que nos conducirá cara a Santo André de Teixido. Os primeiros quilómetros transcórreren polo coidado val do río Condomiñas, bo exemplo das tradicionais veigas produtivas galegas. Supera-


do o val, comézase un ascenso no que a paisaxe vai mudando paseniño, deixando atrás aldeas e cultivos. A proximidade á serra da Capelada déixase notar nas pendentes da estrada e nas extensas superficies de arboredos. A presenza de gando debe ser tida en conta, especialmente pola existencia de pasos canadenses que evitan o tránsito dos animais. O miradoiro de Chao do Monte supón unha inflexión no itinerario. Coas primeiras vistas da aldea de Teixido, o percorrido ábrese definitivamente ante o Atlántico, permitindo dende

este punto continuas vistas sobre o mar. A serra da Capelada ofrece unha paisaxe propia dun ámbito de montaña: matogueiras, rochedos, piñeirais... A proximidade do borde litoral ofrece contrastes únicos e permite vistas panorámicas de 360 graos: a inmensidade do Atlántico por un lado e o fondo escénico da serra polo outro. No descenso cara a cabo Ortegal os miradoiros sucédense a ambas beiras da estrada alternando vistas cara ao mar aberto ou cara a ría de Ortigueira e a vila de Cariño. O complexo litolóxico de cabo Ortegal configura unha contorna espectacular coroada pola presenza do faro a 125 metros sobre o mar. Dende a base do faro apréciase a monumentalidade dos cantís do Limo cara ao oeste e os illotes coñecidos como Os Aguillóns cara ao leste, parecendo alongar o cabo sobre o océano e marcando a simbólica divisoria de augas entre o océano Atlántico e o mar Cantábrico. Dende Ortegal, tamén cara ao leste, ao lonxe, divisase Estaca de Bares, punto máis setentrional da Península Ibérica: o norte do norte.



◀ Cabo Ortegal

Santo André de Teixido e a serra da Capelada ▶



▲ Praia de Vilarrube, en Cedeira



*A San Andrés de Teixido
fun coa cesta na cabeza,
fun por mar e vin por terra
o santiño mo agradeza*

A chegada a **Teixido** permite rememorar os vellos camiños dos romeiros que transitan cara ao santuario de Santo André (peregrinacións documentadas dende o século XIV), acompañado de cruceiros e amilladoiros que marcan as interseccións.

Tamén é coñecido como *Santo André de Lonxepola* a súa localización afastada e solitaria entre serras e

cantís. Lugar de devoción e mestura de tradicións relixiosas e pagás, hai que ser especialmente coidadoso cos animais que transitan polos camiños dado que, segundo a tradición, representan as ánimas daqueles que non acudiron en vida a visitar ao apóstolo Santo André, tal e como reza o dito: “*A Santo André de Teixido vai de morto quen non foi de vivo*”.



Non te podes perder...

A Vixía de Herbeira

Cariño semella unha vila de agarimoso nome, pero os estudos filolóxicos revelan unha realidade diferente. Numerosos topónimos de orixe prerromana inclúen a voz “carn-“ ou “corn-“ que significa pedra. Así sucede en diversos exemplos ao longo da xeografía europea: Cornualles, Cárpatos, Cándán... sendo Cariño unha denominación vinculada aos rochedos da serra da Capelada e aos cantís mariños.

O Monte Herbeira (615 m) é o punto de maior altitude da serra da Capelada e do concello de Cedeira. A matriz paisaxística que conforma este espazo ten na configuración morfolóxica a base da súa singularidade.

Cos seus máis de 600 metros de altitude, Herbeira conforma un cantil de caída libre cara ao mar con fortes pendentes que superan o 80% de desnivel, sendo un dos máis relevantes do litoral continental europeo. Esta disposición permite a observación da liña litoral como se dun corte xeolóxico se tratase. O interese xeomorfolóxico da contorna é máximo. Os potentes cantís emerxen do mar conformados por rochas que hai millóns de anos se agochaban a máis de 70 quilómetros de profundidade e que xurdiron pola colisión de dous supercontinentes.

A forza do vento nesta contorna é aproveitada polos muíños eólicos que conviven co gando e coas frecuentes fronteiras que baton contra a serra. Os valores de uso conviven cos valores paisaxísticos; polas amplas vistas, converteuse no lugar idóneo para o establecemento dun posto de vixía marítima, a Garita de Herbeira, orixinaria do século XVIII pero con obra actual do 1805.





Do castelo da Palma ao castelo da Nogueirosa... por terras do Golfo Ártabro

4

Ao contrario do que afirma o dito, paga moito a pena parar en Ares, quedarse en Redes e visitar o resto da contorna. O Golfo Ártabro é unha das zonas de Galicia de maior densidade de poboación, contando con destacadas vilas como Mugar dos, Ares ou Pontedeume, asentadas ao borde do mar polo seu clima suave, e o recollemento das súas tranquilas praias.



O Golfo Ártabro é un arco marítimo no que se inclúen as rías da Coruña, Ares-Betanzos e Ferrol. Designado polos xeógrafos romanos como *Portus Magnus Artabrorum*, a día de hoxe conforma unha comarca natural definida pola presenza do mar. A Real Vila de Mugardos é o inicio do percorrido, concretamente no castelo da Palma, orixinario do século XVI pero con planta actual do século XIX. Xunto co de San Felipe e canda aos de San Martiño e San Cristovo conformaba parte do sistema defensivo da ría de Ferrol, lugar de interese estratéxico pola presenza do arsenal militar, defendido mesmo cunha grosa cadea que atravesaba a ría de castelo a castelo impe-

dindo o paso dos buques inimigos. A carón da Palma, o coidado faro conta cun agradable espazo de lecer e boas vistas dos castelos ao pé da ría. De seguido aparece o desvío cara á revirada subida do Montefaro de Ares, punto extremo e referencial

En Ares, non te pares.

En Redes, non te quedas.

En Caamouco, para pouco.

da vizosa península de Bezoucos. O mosteiro de Santa Catalina de Montefaro agóchase na parte alta do monte. De orixe medieval, foi Fernán Pérez de Andrade, alcumado “O Bo” quen promoveu a súa edificación a finais do século XIV. A Casa de An-

drade foi unha influínte estirpe nobre galega con moito peso na comarca. O edificio conta con diversas dependencias e foi acumulando reformas, especialmente nos dous claustros existentes. De adscripción franciscana, consérvase unha portada gótica con capiteis historiados de escenas da vida de San Francisco de Asís. Montefaro conta tamén con varios miradoiros. O principal e de mellor accesibilidade é o da Bailadora (266 m) dende o que se divisa grande parte de Ferrol e a súa ría, cunha fenomenal perspectiva dos castelos de San Felipe e da Palma. Baixando cara á vila de Ares, cómpre facer un alto na igrexa de Santa Olaia de Lubre, pequena xoia de transición do románico ao gótico.



Ares é vila mariñeira. Ordenadas rúas levan cara a igrexa de San Xosé, no barrio do Porto. Alí mesmo sitúase a Alianza Aresana, primeira escola de indianos de Galicia e bo exemplo das tipoloxías arquitectónicas traídas de América. A longa praia conduce cara o porto, nunha enseada de augas tranquilas como se dunha lagoa se tratase. O camiño prosegue cara a Redes e Pontedeume, lugares de parada obrigada. Entremedias a praia da Madalena constitúe un lugar de ocio excelente pola súa posición en fondo de ría, ben orientada en relación ao sol. O seu magnífico piñeirral é complementado cun bosque de sobreiras, pouco propias destas latitudes e que indican as boas condicións climáticas da zona. A parte final do percorrido é o ascenso na procura do castelo da Nogueirosa. Coñecido na zona como castelo de Andrade, foi esta familia nobre baixomedieval quen o construíu nun rochedo con interese estratéxico. Pequena fortaleza pero magnífico miradoiro, cómpre o acceso á torre da homenaxe para poder apreciar a amplitude de vistas sobre a desembocadura do río Eume e a práctica totalidade da ría de Ares e Betanzos.



Castelo dos Andrade ▲



Cinco rúas e dúas prazas. Iso é **Redes**, pequeno núcleo mariñeiro da costa de Ares que conserva en magnífico estado tanto a súa trama urbanística como a súa senlleira arquitectura indiana. Cuba xerou tal influencia nos emigrantes de Redes que no seu retorno a Galicia reproduciron os modelos estéticos e arquitectónicos, sendo a día de hoxe un dos mellores exemplos a nivel

galego desta corrente. O *Porto das Redes*, como era antigamente coñecido, debe o seu nome ás cabrias, elementos de madeira que se utilizaban para o secado e cosido das redes. A vocación mariñeira da vila queda clara na disposición das súas casas, con saída directa ao mar conformando o que se denominou a “Venecia galega”.



◀ Vila de Redes

Non te podes perder...

Pontedeume

Os ríos Eume, Landro e Sor nacen na serra do Xistral. Segundo a **Lenda dos Tres Ríos**, manaron da mesma fonte e competiron entre si por ver cal deles acadaba antes o mar. A medio camiño o Landro e o Sor descansaron pero o Eume proseguiu e abriuse paso escavando o seu espectacular canón. Ante o incumprimento do trato, Antubel, deusa celta das augas e das sombras, castiga ao Eume cada ano facendo que unha persoa pereza nas súas augas.

Pontedeume ten na súa vella ponte a súa razón de ser. Paso histórico nas terras das Mariñas, o Camiño Inglés atravesa o río Eume neste punto. Con orixe no século XIV da man de Fernán Pérez de Andrade, foi reestruturada no século XIX.

A súa disposición, orientada ao Norte, contradí as lóxicas de asentamento pero a relevancia do aspecto viario e a falta de espazo entre as ladeiras do monte Breamo e as ribeiras do río Eume xeraron un núcleo singular.

A coidada vila dos Andrade conserva o seu casco histórico de orixe medieval. A rica arquitectura popular complementase cun gran patrimonio civil e relixioso que son boa mostra da importancia histórica da vila con destacadas edificacións como as antigas Lonxas do Porto (século XVIII), a Cátedra de Latinidade (século XVII), o convento de Santo Agostiño (século XVI) ou o Torreón dos Andrade (século XIV), o cal foi parte do pazo desta familia nobre asentada na vila e que acolle hoxe o seu Centro de Interpretación. Segundo a lenda, un túnel secreto comunicaba o torreón co castelo da Nogueirosa, para maior seguridade da nobre familia.

Pontedeume é ademais unha das portas de entrada ao Parque Natural das Fragas do Eume. A riqueza paisaxística da contorna levou a que a Comarca Eumesa fose declarada Conxunto Histórico-Artístico e Paraxe Pintoresca no ano 1971.



Do faro de Laxe á punta do Roncudo... mareas vivas na ría de Corme e Laxe

5

Laxe e Corme míranse na distancia, sabedores de que son dúas caras da mesma moeda. Este percorrido une por terra o que separa o mar. Co esteiro do río Anllóns como punto intermedio e o monte Branco como continua referencia visual, o percorrido entre os faros de Laxe e o Roncudo permitiranos gozar de diversas perspectivas dunha ría pequena en tamaño pero grande en fermosura.



A ría de Corme e Laxe é unha das pequenas rías centrais galegas. En plena Costa da Morte, a forza do mar marca a vida na terra, estando sempre presente o carácter mariñeiro de vilas e xentes. Laxe e o seu faro son o punto inicial do percorrido. Situado no monte da Insua, na parte traseira da vila, o faro domina unha ampla perspectiva coa enseada de Laxe por un lado e a enseada Baleeira polo outro. Nesta última localízase a curiosa e delicada praia dos Cristais, na que a

area foi substituída por desgastados vidros de enigmática procedencia. Laxe conta cunha gran praia, un activo porto e diversas xoias ar-

*Campana de Anllóns,
Noites de lunar,
Luna que te pós,
Detrás do pinar.*

quitectónicas como a igrexa de Santa María da Atalaia (século XV) ou a Casa do Arco (século

▼ Cruz na punta do Roncudo.

XV), famosa pola súa aparición na popular serie televisiva galega *Mareas Vivas*, cuxa acción transcorría nun imaxinario *Portozás*. Saíndo en dirección a Ponteceso, pasamos a carón de diversas praias de mar batido até chegar ás Grelas, onde a enseada de Lodeiro ofrece as primeiras vistas do monte Branco. O percorrido chega a Ponteceso, presidido pola ponte sobre o río Anllóns e a casa natal de Eduardo Pondal. O amplo esteiro do río configura un espazo natural de singular relevancia para a fauna mariña e as aves, conformado por dunas, lamazais e a foz do río. O itinerario transcorre en paralelo á xunqueira na procura do desvío cara o monte Branco, de amplas vistas. De volta á estrada principal procuramos Corme Aldea, descritivo topónimo que diferencia este núcleo de Corme Porto e serve á vez para manifestar a dobre vocación, labrega e mariñeira, destas terras. Corme é unha vila que mira ao mar. Afastada, en pleno litoral da Costa da Morte, máis alá só queda a punta do Roncudo... e a inmensidade do océano. O porto é o epicentro da vila, abre o camiño cara ao faro, con continuas vistas sobre o mar. Lugar mí-





◀ Desembocadura do Río Anllóns



Eduardo María González-Pondal Abente (Ponteceso, 1835–A Coruña, 1917) é un dos grandes autores da literatura galega e un dos artífices do *Rexurdimento*, movemento de recuperación artística, histórica e política de Galicia e a súa cultura. Orixinario de Ponteceso, Pondal naceu a carón do río Anllóns no pazo familiar que a día de hoxe pode visitarse como casa-museo. Dende este punto un percorrido a pé, a ruta Pondaliana, sae cara o monte Branco repasando a súa obra, na que Bergantiños, Ponteceso e o río Anllóns teñen especial significado. Imbuído polas correntes do romanticismo do seu tempo, canta á súa terra e á paisaxe.

Eduardo Pondal é o autor dos Pinos, texto poético que foi adoptado como Himno de Galicia. En 1965 foille dedicado o Día das Letras Galegas.

tico da costa galega, a punta do Roncudo é famosa pola calidade e abundancia dos seus deliciosos percebes. O faro do Roncudo é o punto final do percorrido. Construído

no 1920, trátase dunha sinxela edificación asentada nos rochedos graníticos no medio dunha paisaxe modelada por ventos e auga que reflexa a fereza da Costa da Morte.



Non te podes perder...

Miradoiro de monte Branco

Os **percebes do Roncudo** viven pegados ás rochas nunha zona de mar moi batido, polo que a súa captura é sumamente perigosa. As numerosas cruces que atopamos de camiño ao faro, recordan naufraxios e desgrazas lembrándonos que o mar é fermoso e perigoso a partes iguais. .

O monte Branco é unha elevación que destaca pola presenza dunha gran duna. Este sistema areoso dálle unha textura e unha cor moi característica que leva á súa denominación.

A desembocadura do río Anllóns e a forza das mareas xeran un sistema de arrastres e asentamento dos sedimentos que orixinan a praia de Barra, unha alongada lingua de area fina. A forza do vento despraza a parte da area pola ladeira do monte creando unha duna remontante que vai dende a auga até unha cota superior aos 100 metros.

No punto máis alto do monte Branco, no Alto das Travesas (182 m) sitúanse antenas de comunicación. Un pouco máis abaixo, un miradoiro habilitado permite gozar das vistas e da tranquilidade desta contorna.

Dende o monte Branco hai boas perspectivas: da desembocadura do Anllóns e da zona húmida cara ao leste; de gran parte de Cabana de Bergantiños cara ao sueste; a praia de Barra en primeiro termo cara ao sur, a illa da Tiñosa con augas cristalinas cara ao suroeste; e a amplitude da ría de Corme e Laxe cara ao oeste.

A beleza da Costa da Morte pode ser contemplada dende esta atalaia que constitúe, á súa vez, un fito paisaxístico referencial na comarca.



Circular de Camariñas... camiños da Costa da Morte



6

A mítica Costa da Morte recolle toda a forza do océano Atlántico dándolle diversas formas e matices. A forza do vento, o cheiro do mar e o verde dos montes concentrados nun percorrido que condensa a esencia dunha das costas máis perigosas do mundo.

A ruta circular con comezo e final en Camariñas achega o viaxeiro a pobos costeiros, a paisaxes litorais, dunas, cabos e areais, reflexo de historias de mariñeiros, temporais e fareiros.



Camariñas é mar, e o mar son historias de esforzo, naufraxios e xentes firmes que conviven cun medio fermoso pero perigoso. A súa presenza é o eixo deste percorrido, pero o mar e a auga tamén son historias na terra. Como vila mariñeira, Camariñas recóllese no interior da súa pequena ría, na procura de acougo ante os insistentes ventos da zona. O

moderno porto contrasta coas antigas construcións mariñeiras que manteñen o carácter tradicional da vila. Resulta moi recomendable admirar o encaixe de Camariñas, froito do traballo das palilleiras, auténticas artesás que preservan este inmenso legado cultural. O tránsito ata Ponte do Porto permite bordear a enseada da Basa na procura do esteiro do río Gran-

*Entre Cabo Vilano e Tosto,
entre Arou e Camariñas.
Hai chuvias das sete cores
e mirei ao lume do mar cravar-se
nos ollos do raposo.*

de, para tomar axiña o desvío dirección Camelle. Camelle e Arou, Arou e Camelle... son os reversos dunha mesma moeda. Vilas moi próximas entre si, manteñen unha estreitísima relación co mar, ata o punto de que non se poden entender sen el. As cores vivas das vivendas lembran os tempos no que a pintura sobrance dos barcos protexía as fachadas da inverniá entre os brancos areais. O camiño de terra vains achegando á Enseada do Trece, que se abre cara ao mar recibindo toda a forza do océano. O vento impulsa a fina area da praia creando unha duna remontante, auténtica parede de area que ascende pola ladeira do monte do Veo e sobrepasa o seu cumio. No outro extremo, o cemiterio dos Ingleses aséntase na zona chaira e lémbra-nos a dureza deste litoral. O tránsito ata Vilán, coa compañía das vistas ao horizonte, transcorre paseniño a carón dos cantís e os rochedos entre os que se agocha un vello foxo do lobo onde se lle daba captura a esta especie. Os perigos desta costa levaron á construción dun novo faro en cabo Vilán, o primeiro electricificado de España (1896). Imponente, érguese dende o rochedo acadando os 130 metros de altitude, e configurando unha das imaxes máis re-

▼ Faro de cabo Vilán.





O legado de Man, o Alemán de Camelle, é un dos elementos singulares desta vila. Manfred Gnädinger aséntase no porto da vila nos anos 60 vivindo en comunión coa natureza e creando unha obra artística baixo o concepto do xardín-museo no que xoga coas rochas, as cores e as formas. Na procura de harmonía co mar, Man vive e traballa integrado na paisaxe da Costa da Morte. A súa obra comeza a ser visitada e convértese nun museo ao aire libre ao modo das intervencións *land-art*, xogando coas rochas e intervindo no propio territorio, incluíndo o espigón do porto. Moi preto creouse o *Museo Man de Camelle, Casa do Alemán* onde se pode ver parte do seu legado e que complementa a visita ás creacións que permanecen ao aire libre.

presentativas da costa galega, nun marco incomparable para gozar de espectaculares solpores. O faro de cabo Vilán é tamén sede do *Centro de Interpretación dos Naufraxios, Faros e Sinais Marítimas*.

O retorno a Camariñas transcorre preto da ermida da Nosa Señora do Monte que, desde un outeiro, protexe o tránsito de barcos e mariñeiros.







Non te podes perder...

O cemiterio dos Ingleses

! A **camariña** (*Corema album*) é unha especie arbustiva endémica do litoral atlántico que lle dá nome a este concello. En plena Rede Natura 2000, un espazo poderoso e fráxil á vez, a riqueza da flora ten un bo expoñente neste exemplar propio da Costa da Morte.

O buque HMS Serpent pertencente á Mariña Británica naufragou nestas costas no 1890. Contaba cunha tripulación de 175 membros e só tres deles puideron salvar a vida. Os demais descansan a carón do mar que lles quitou a vida.


Un forte temporal levou ao afundimento do acoirazado na noite do 10 de novembro de 1890, no seu tránsito entre Plymouth e Serra Leona. O mar de fondo provocou que o buque batese nas rochas da Punta do Boi con trágicas consecuencias, nun punto hoxe coñecido como Baixos do Serpent.

Os 172 corpos foron soterrados a carón do lugar do naufraxio, no mesmo espazo onde xa recibiran sepultura 28 tripulantes do Iris Hull, outro barco afundido na Punta do Boi no 1883.

O Cemiterio dos Ingleses é unha sinxela construción en pedra, dividida en dúas zonas, unha interior reservada para os oficiais e outra máis ampla para o resto da tripulación. Pola súa singularidade e relevancia histórica este camposanto foi incluído na Ruta Europea de Cemiterios Singulares.

En agradecemento ás xentes da zona pola axuda prestada, a Mariña Británica enviou diversos obsequios, entre eles o coñecido como Barómetro do Serpent, que a día de hoxe pode verse na fachada dunha vivenda do porto de Camariñas.






Do faro de Fisterra ao miradoiro do Ézaro... da fin do mundo ao olimpo céltico

7

A fin do mundo. Fisterra representa ese lugar extremo no que a terra remata. Neste caso non será fin senón o inicio dunha fermosa ruta que bordea o litoral, pasando por lugares míticos da Costa da Morte: Corcubión, Cee, a ferverza do Xallas... e un espectacular final no miradoiro do Ézaro, a carón do monte Pindo, o olimpo sagrado dos celtas.



O *finis terrae* latino designa o lugar no que o mundo deixa de ser coñecido. Este lugar existe no imaxinario colectivo de moitas sociedades atlánticas e outras “fins do mundo” existen en Bretaña ou Cornualles. A nosa Fisterra, conxuga unha paisaxe costeira arrebatadora coa compoñente mítica, á que se lle suma a circunstancia de punto final do Camiño a Fisterra, prolongación da ruta xacobeá a Santiago. Segundo a lenda, xa na época romana atopouse aquí o *Ara Solis* (Altar do Sol) que o Apóstolo Santiago ordenaría destruír por ser rito pagán. Pero a tradición mantívose e a día de hoxe Ara Solis

é o nome dunha coñecida praza do casco antigo, preto da capela da Nosa Señora do Bo Suceso. Dende o punto de vista xeográfico, Fisterra é un exemplo categórico do que é un cabo. Unha longa península que remata nun potente

Cheguei a Fisterra, alí onde o sol esmaiado e silandeiro morre no mar como umha bágua.

promontorio no que se situou o faro no ano 1853. No 1888 foi engadida un sinal acústico que, pola similitude do seu son, pasou a ser coñecida como a *vaca de Fisterra*. Fisterra é un lugar de referencia

na Costa da Morte. A súa ampla tradición mariñeira conta cun gran expoñente na súa lonxa, que conta con espazo habilitado para que os visitantes poidan presenciar as poxas de peixe. Saíndo da vila, a enseada da Langosteira alberga a praia do mesmo nome, un longo areal de augas transparentes que mira ao lonxe ao monte Pindo. O paso por Sardiñeiro deixa vistas e accesos a novas praias, máis pequenas como son Restrelo ou Estorde. Un desvío levaranos cara a Redonda e o cabo Cee, de fermosas vistas e onde se sitúa o faro coñecido como faro de cabo C. Tralo paso polo Castelo

▼ O Pindo desde o miradoiro do Ézaro






O **monte Pindo** é un gran macizo granítico de alto valor ecolóxico e xeomorfolóxico no que destacan os hábitats de matogueiras e a súa singularidade xeolóxica. Formación de diversos montes e cristas rochosas, a Moa é o seu teito con 627 metros, altitude moi relevante tendo en conta a súa proximidade á liña litoral.

Fito paisaxístico, é unha referencia visual en gran parte do arco fisterrán e Carnota. A súa relevancia transcende o aspecto natural sendo un importante conxunto patrimonial polos seus valores materiais e inmateriais. Á presenza de xacementos arqueolóxicos e de restos de fortalezas medievais (Castelo de San Xurxo e a posible fortaleza do monte Penafiel) cómpre engadir todo un sistema de crenzas vinculadas a este espazo que, a través de lendas, explican as curiosas formas das rochas.

O acceso é posible a través de rutas de sendeirismo e camiños tradicionais de certa dureza, pero acadar o seu cume é un triunfo recompensado por un dos mellores lugares para albisar a costa galega.



Fervenza do Ézaro ▲

do Cardeal, construído no século XVII, achegámonos a Corcubión. Esta vila merece unha parada polo seu coidado Conxunto Histórico-Artístico (declarado no ano 1985) no que destacan as vivendas con galería tan propias de vilas mariñeiras. A estrada vai pola liña de costa cara a Cee, que practicamente forma un continuo con Corcubión. Cee é a principal vila da comarca, concentrando actividades e servizos. No centro urbano debemos tomar o desvío cara ao Ézaro (Dumbría). O percorrido deixa o paso por praias como Gures e ofrece unha

nova perspectiva do punto de inicio, o cabo Fisterra, que dende lonxe parece descansar sobre o océano. A mole granítica do Pindo aparece fronte á estrada, cadavez máis preto. O Ézaro é un núcleo pequeno, labrego e mariñeiro. As súas praias de augas azul intenso conviven con dous colosos, a inmensidade do Pindo e o cabo Fisterra no horizonte. Á altura da ponte do Ézaro, un novo desvío dirixe o percorrido cara á fervenza do Xallas. A desembocadura do río Xallas é única. Un río de tamaño medio que se funde co mar sen tocalo, caendo

dunha altura de case 100 metros polas rochas graníticas. O estuario conta cunha pasarela para facilitar o acceso á fervenza dende o Centro de Interpretación da Electricidade, a antiga Central do Castrelo. O tramo final é un espectáculo. A empinada pista sobe até o miradoiro do Ézaro na procura de amplitude de vistas. O lugar ofrece unha ampla panorámica: cara o sur, o Pindo, coa súa sucesión de cristas graníticas, cara u oeste, en primeiro termo, a desembocadura do Xallas coa súa última volta e ao lonxe, o cabo Fisterra e a inmensidade do Atlántico.

Non te podes perder...

Faro de Cabo C

! A subida ao **mira-
doiro de Ézaro** é
moi popular no mun-
do ciclista. Valorada e
temida polos seus desniveis,
que se achegan nalgún tra-
mo ao 30%, o seu ascenso
supón un auténtico reto para
os afeccionados. Diversos
fitos ao longo da subida re-
cordan os tempos relativos
que os ciclistas profesionais
teñen realizado no tránsito
da "Vuelta Ciclista a España".

O cabo de Cee ou cabo de Corcubión é un saínte rochoso que delimita a enseada de Corcubión polo oeste e constitúe unha importante referencia para a navegación tanto polo seu faro como pola súa posición respecto aos illotes de Carrumeiro Chico e Carrumeiro Vello.

Malia a súa escasa entidade e baixa altitude, a súa posición ofrece vistas continuadas do litoral de Corcubión, Cee, Dumbría e Carnota e mesmo do sector norte das Rías Baixas. A proximidade ao monte Pindo garante unha perspectiva diferente deste espazo referencial.

O faro de Cabo C é coñecido por algúns como faro do cabo Cee e por outros como faro do cabo de Corcubión, parecendo o curioso nome actual un pacto de boa veciñanza entre ambas as dúas poboacións. A edificación é unha sinxela torre octogonal de cachotería cunha pequena vivenda anexa, de planta cadrada e catro augas, para o servizo do faro. Aprobado en 1847, non entrou en funcionamento até o 1860, sendo automatizado no 1934.



Do faro de Corrubedo ao monte Enxa... dunas de Corrubedo, areais de Porto do Son



8

A contorna de Corrubedo, famosa pola súa duna singular, ten moito que ofrecer. Costa bravía, pasa por ser un dos tramos litorais mellor conservados de Galicia con extensos areais, sistemas dunares e montes próximos dende os que contemplar quilómetros de beleza atlántica en estado puro.



*O faro de Corrubedo
co seu ollo largasío,
ai amor, púxome medo.*

▼ Vista dende o monte Tahume

O cabo Corrubedo é unha formación rochosa plana que pecha ao norte a enseada do mesmo nome. Tramo de costa próximo ás tranquilas Rías Baixas pero de fero mar aberto, mira á amplitude do océano por un lado e á pedregosa serra do Barbanza polo outro. O faro de Corrubedo resiste os envites do vento mareiro sen protección, a ras de chan. Torre cilíndrica de cachotaría, a súa cúpula branca confúndese de lonxe coa espuma dalgunha gran onda recién chegada. Rodeado por illotes e rochedos, os baixos desta costa son perigosos e fan imprescindible a presenza do faro que ás veces, nas noites de néboa, era confundido co da illa de Sálvora. Partindo do faro, unha longa recta sorprende por infrecuente na costa galega. Cara ao norte a agreste praia de Balieiros ou Furna dos Portiños, convida aos deportes que precisen de vento. Na zona as praias son furnas, “grandes cavidades naturais abertas nas rochas, producidas pola acción do mar”, testemuño evidente do violento ímpeto das ondas neste litoral.

Corrubedo é unha vila tranquila, morna no verán e ventosa no inverno. A súa enseada non chega a ser ría, pero protexe suficientemente as embarcacións no rebuldeiro peirao. As casiñas chegan á area ou a area ás casi-

ñas, segundo se mire. Recomendable é perderse polo labirinto de caellas. Dende o porto, un gran manto branco xorde na media distancia: a gran duna de Corrubedo. O itinerario que propoñemos pasa a rentes do *Parque natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán*, espazo que merece unha sosegada e respectuosa visita pola súa extrema sensibilidade ambiental. Unha intersección conduce cara a Santa Clara de Novás, dende onde nos achegaremos ao monte Tahume, un dos grandes miradoiros panorámicos da costa galega. De volta ao itinerario, o Centro de Interpretación das Lagoas de San Pedro e Xuño ofrece un lugar no que coñecer os fenómenos intermareais. Neste punto, a costa xa é unha praia continua que vai mudando de nome: Areas Longas, Xuño, Furnas... A incorporación a unha nova estrada en Xuño, introdúcenos nunha zona de maior densidade de ocupación e parcelario fragmentado entre Caamaño e Tarela. As vistas cara ao mar presentan ao lonxe o monte Louro; volverémolo ver. Baroña é unha parada obrigada. A visita ao castro permite contemplar un asentamento costeiro datado entre os séculos I a.C. e I d.C. localizado nun pequeno istmo sobre a praia de Arealonga. Á altura da praia da Arnela a estrada parece mesturarse co mesmo mar. O monte Louro aparece no horizonte coa súa





A gran **duna de Corrubedo** é o elemento definidor deste espazo protexido. A duna móbil ten arredor dun quilómetro de longo e case 20 metros de alto. O percorrido está delimitado para evitar afeccións sobre o elemento, dado que o parque recibe cada ano milleiros de visitantes. A zona húmida é esencialmente

relevante para este ecosistema. A presenza de auga, salgada na lagoa de Carregal e doce na lagoa de Vixán, posibilita unha diversidade de hábitats que acollen a numerosas especies de aves como cercetas, patos e, correlimos, alacráns comúns, pillaras das dunas, garzas vermellas ou tartarañas das canaveiras. Tamén

gabitas, pilros e virapedras, entre outras moitas especies. Conta cun centro de recepción de visitantes e diversas instalacións de atención e uso público, incluíndo o miradoiro de Castrocidá e itinerarios interpretativos que axudarán ao turista, especialmente aos amantes da ornitoloxía.

▲ Duna de Corrubedo

impoñente estampa, que se repetirá en cada reviravolta da estrada. Antes de entrar na vila de Porto do Son, un desvío condúcenos cara ao punto final do percorrido: o monte Enxa (539 m). Extraordinario miradoiro natural

que nos ofrecerá amplas vistas sobre a ría de Muros e Noia, co peche cara ao norte do monte Louro, de morfoloxía inconfundible. Dende o monte Enxa pódese realizar unha boa análise dos diversos usos do solo: rochedo e matogueira

na contorna inmediata; gandeiro e forestal na media distancia; a urbanización da franxa litoral do interior da ría... Pero sobre todo, permite a contemplación dun tramo fascinante da costa galega, entre as rías de Arousa e a de Muros e Noia.



Non te podes perder...


Monte Tahume

! O **castro de Baroña** é un poboado da Idade do Ferro localizado na costa de Porto do Son. O asentamento das comunidades en núcleos estables configurou unha civilización propia coñecida como Cultura Castrexa, na que o castro constituía o escenario central das actividades cotiás. Situado nunha pequena península, Baroña é un castro marítimo no que se conservan diferentes áreas, incluíndo o foxo exterior, os muros defensivos e as diversas edificacións circulares. A privilexiada contorna, nunha praia de fina area e amplas vistas sobre o Atlántico, completa un magnífico conxunto patrimonial e paisaxístico.

O monte Tahume é un miradoiro natural privilexiado, localizado no sector final da serra do Barbanza, e que mantén similitude formal con outros altos da serra en canto a formas e texturas.

Os seus 227 metros de altitude permiten albiscar a liña de costa de modo ininterrompido dende as Rías Baixas até a Costa da Morte. No primeiro termo, unha visión integral do *Parque Natural Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán*, unha fermosa perspectiva do cabo e do faro de Corrubedo e as illas de Sálvora e Ons, esta xa na ría de Pontevedra.

A pista asfaltada permite o ascenso até a cima do monte, con espazo de aparcamento a carón dunhas antenas de comunicacións. Os sendeiros da parte alta do rochedo dan acceso a unha cruz que se sitúa no punto superior e dende a cal a vista é espléndida. A amplitude de vistas permite unha observación panorámica dende calquera punto do ascenso.



Do cabo Udra ao cabo Home... polos cabos do Morrazo

9

A ruta entre cabos conecta os espazos naturais do extremo sur da ría de Pontevedra cos do extremo norte da ría de Vigo. O percorrido pola fachada continental atlántica da península do Morrazo non perde de vista o Parque Nacional das Illas Atlánticas. Entre medias un fantástico itinerario costeiro que inclúe a ría de Aldán e condensa os valores representativos das Rías Baixas: natureza, bo clima e praias.



Partindo dese punto, o itinerario transcorre por zonas poboadas, na típica imaxe das Rías Baixas como lugar residencial. Entre plantacións forestais, chégase a Aldán (Cangas), terra de mariñeiros e padexeiros. Aldán é unha pequena ría, que pasa desapercibida entre as de Pontevedra e Vigo. Mar produtivo, destaca polo mexillón e polas súas pequenas praias de augas transparentes. O Hío ten como centro a súa igrexa co espectacular cruceiro que lle da sona. Dende este punto un desvío diríxenos cara a Costa da Vela, pasando preto de recomendables praias como Nerga ou Barra. A chegada a Donón introducéonos no último tramo do percorrido. O punto de referencia é A Buguina, fermosa escultura en forma de caramuxo obra de Lito Portela. Marca o inicio do treito máis salvaxe da Costa da Vela. Dende este punto deixamos o asfalto e comeza un

O cabo Udra (Bueu) é un espazo natural localizado no extremo sur da ría de Pontevedra, compartindo a entrada coa ría de Aldán e fronte á Illa de Ons. Polos seus valores naturais foi declarado Zona Especial de Conservación e forma parte da Rede Natura 2000, contando cunha Aula da Natureza. Paisaxe costeira de rochedos, cantís e mato, ten relevancia tamén polo seu hábitat submarino. No alto conserva restos dun castro e, bordeando o cabo, existen recomendables praias e calas.

ancho camiño de terra en dirección aos cabos, elevado sobre os cantís. Pequenas calas ofrecen sendeiros revirados para baixar a elas. Cabo Home é lugar mítico das Rías Baixas. As Illas Cíes están máis próximas a este punto que a calquera outro. O seu faro álzase a modo de torre cilíndrica de cor branca, esvelta. Moi preto, Punta Robaleira conta cun faro máis modesto, vermello e baixo. Pasando a praia de Melide aínda existe un terceiro faro, o de Punta Subrido. Atlántico, cantís e fermosura.



A costa da Vela dende cabo Home ▲

▼ Vista de cabo Home e as Illas Cíes





*Presentádeme un outro
Deucalión
para invadir o mar tal
Cabo Home
cunha nave de pedra, a illas
remotas.*

No caso de contar con tempo recomendamos subir ao **monte do Facho**. O acceso, por unha vella calzada de pedra, leva a un auténtico miradoiro natural sobre as illas Cíes. Unha vella garita militar indica o valor estratéxico deste punto. O Facho destaca tamén polo seu valor patrimonial, material e inmaterial. O asentamento castrexo complementase coa presenza dun santuario galaico-

romano dedicado ao Deus celta *Lar Berobeo*, altar votivo no que se honraba á divindade. Atopáronse moitas aras votivas, colocándose varias copias no xacemento. Lugar de poder telúrico, as lendas falan de rituais relixiosos e pagáns. As indescribibles postas de sol poden ter relación coa significación especial que este lugar tivo en diversos momentos históricos.



Non te podes perder...

O cruceiro do Hío

A parroquia canguesa do Hío conta cun conxunto artístico relixioso de grande relevancia, conformado pola igrexa, a casa reitoral e o cruceiro.

A igrexa de Santo André ten fábrica orixinal románica e data do século XII. A casa reitoral, de potente volumetría, conta con peche de cachotaría, ampla finca e pombal. Pero dende o punto de vista artístico, o elemento destacado é o cruceiro.

O cruceiro do Hío é atribuído a Xosé Cerviño, coñecido como Mestre Cerviño ou *Pepe da Pena*. Popular canteiro de Cotobade, enlaza coa grande escola pontevedresa do xénero, sendo o máis afamado de todos eles. En calquera caso, a autoría do cruceiro non está clara, se ben se sabe que foi realizado en 1872.

A posición no adro da igrexa outórgalle relevancia absoluta. De estilo barroco e realizado nunha soa talla granítica, conta con escalinata e fuste historiados e na cruz relátase o descendemento de Cristo.

Considerado como un dos máis relevantes cruceiros galegos, a visita ao Hío merece unha parada tranquila para contemplar esta fermosísima peza de delicada talla.



Fronte ao desvío que leva ao porto de Aldán, unha masa de arboredo á man esquerda pasa desapercibida para o viaxeiro. En realidade trátase do pouco coñecido parque da **Finca do Frendoal**, recinto de variada vexetación pertencente á Casa da Torre de Aldán, residencia dos Condes de Canalexas. Denominado *bosque encantado*, o espazo conta con diversos elementos de interese como o Arco da Condessa ou do Mouro, restos dun antigo acueduto de pedra.



Do monte Cepudo ao monte Aloia... de Vigo a Tui pola serra do Galiñeiro

10

Na contorna da ría de Vigo, diversos miradoiros naturais ofrecen excelentes vistas panorámicas do litoral e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Bordeando a ría, o monte Cepudo é o punto de inicio dun percorrido na procura do Parque Natural do Monte Aloia a través da sorprendente serra do Galiñeiro, que conecta as Rías Baixas co Baixo Miño.



A ría de Vigo, a pesar da súa concentración de poboación e desenvolvemento urbanístico ofrece boas estampas costeiras. A maior cidade de Galicia está rodeada por un cinto verde de montes e serras que convidan ao paseo e á observación da paisaxe. Xunto ao cercano monte Alba (503 m), o monte Cepudo (527 m) é o punto de partida deste itinerario que presume de ter as mellores vistas da cidade. Dende este emprazamento divísase gran parte da urbe e un amplo treito da costa sur de Galicia, incluíndo as diferentes bocanas das Rías Baixas. Cepudo e Alba forman parte dun gran parque forestal, equipado con diversos servizos para os días de lecer. A ermida da Nosa Señora da Alba protexe espiritualmente a ría dende a cima do monte, atraendo a ollada de quen contemple estas paisaxes. Deixando atrás terras viguesas, o percorrido entra no concello de Nigrán. Chandebrito recíbenos co seu castro e coa igrexa do século XVIII. De carácter tranquilo e rural, contrasta coas zonas máis costeiras desta comarca do Val Miñor, densamente

poboadas. Logo de pasar por Viniños, antes de cruzar por enriba da autoestrada, un desvío á dereita introdúcenos xa na serra do Galiñeiro. Trátase dunha cadea montañosa que se estende polos concellos de Vigo, Gondomar, O Porriño e Tui até chegar ao monte Aloia, Parque Natural que se asenta no sector sueste da serra. O tránsito polo Galiñeiro transcorre maioritariamente entre tranquilos piñeirais que, de cando en vez, permiten observar os cumios rochosos da serra, incluíndo o monte Galiñeiro, pico máis elevado que acada 705 metros pese á proximidade ao litoral. Tras diversos desvíos e unha vez superada a aldea de Prado, transitaremos polo monte Aloia, que foi o primeiro espazo de Galicia declarado como Parque Natural, no ano 1979. Actualmente, é o máis pequeno en superficie dos seis parques naturais galegos. Nas súas, aproximadamente, 750 hectáreas, as favorables condicións climáticas, de mornas temperaturas e con abundante presenza de auga, permiten a convivencia de especies autóctonas (castiñeiros, freixos ou salgueiros) e unha curiosa variedade doutras exóticas (abetos, cipreses ou cedros) resultado da repoboación dos anos 20 dirixida polos enxeñeiros Daniel de la Sota e Rafael Areses. Este último dálle nome ao Centro de Visitantes, a Casa do Enxeñeiro Areses, edificación do 1921 de arquitectura singular dende a que parte unha interesante senda botánica con

Somos auga, e a auga pode có máis duro.

Somos serra, a serra protéxenos, e nós protexerémola.

▼ Panorámica desde o alto da Cruz de San Xiao





As **lendas de mouros** son comúns a todo o territorio galego. Estas criaturas sobrenaturais escondían e gardaban tesouros cobizados pola poboación en mámoas, castros e outros xacementos arqueolóxicos, que deron lugar a estes mitos do imaxinario popular que quedaron gravados na toponimia en curiosos nomes: Forno dos Mouros ou Casota de Mouros, Pena da Moura, etc. No caso da serra do Galiñeiro esta presenza mítica está moi espallada. Os numerosos xacementos arqueolóxicos da contorna (castros, castelos, mámoas e petróglifos, entre outros) significan unha gran abundancia de tesouros. As caprichosas formacións rochosas de penedos e pías graníticas son interpretadas como resultado das accións dos mouros, explicando as lendas locais aquilo que non ten explicación por si mesmo.

▲ Serra do Galiñeiro

diversos paneis interpretativos. Dende o alto da Cruz de San Xiao (664 m) as abondosas vistas permiten interpretar as paisaxes do Baixo Miño, dos vales fluviais dos ríos Louro e Miño, co gran río galego facendo de fronteira natural e administrativa con Portugal e chegando ao mar á altura do monte de Santa Trega, que se pode divisar ao lonxe.

O monte Aloia é tamén lugar de relevancia patrimonial, material e inmaterial. A ermida de San Xiao e San Fins érguese dende o século XVI sobre os restos dun castro. No Alto dos Cubos, os restos castrexos dan paso a unha longa muralla de varios quilómetros e constituída a base de grandes bloques de cachotería sen argamasa, denomina-

da Muralla Ciclópea do Aloia, cuxa función segue a ser unha incógnita. Os misterios en relación ao monte Aloia levaron a pensar nel como localización do mítico monte Medulio, no que as tribos galaicas preferiron o suicidio á dominación romana. A visita nun día de néboa, reforzará a misticidade do lugar, trasladando o visitante a épocas pretéritas.



Non te podes perder...

Castro de Chandebrito


Entre os diversos valores da **serra do Galiñeiro**, cómpre engadir a súa relevancia xeolóxica, dado que conta cun mineral orixinado no manto terrestre, o *gneis riebeckita*, que agroma nos cumios. A xeomorfoloxía outorga gran singularidade á zona, especialmente coas caprichosas formas de orixe periglacial e que responden a nomes como A Cova da Becha ou a Lapa da Moura.

O monte do Castro define a contorna da aldea de Chandebrito. Cos seus 359 metros de altitude, constitúe unha perfecta atalaia de fortes pendentes. Un emprazamento defensivo que permite un amplo dominio visual da ría de Vigo e dun gran tramo da costa de Nigrán e Baiona.

Ocupado entre os séculos V a.C e II d.C., a súa localización estratéxica é acompañada por unha muralla na vertente norte, a máis desprotexida pola orografía. A localización era meticulosamente escollida para establecer os asentamentos da cultura castrexa.

A disposición remite aos castros de montaña, cunha organización en terrazas pouco habitual nas comarcas costeiras. O espazo interior estruturábase para funcións concretas, contando cunha zona con numerosas covas rochosas que foron utilizadas como acrópole, tal e como testemuñan os restos arqueolóxicos atopados.

Nas proximidades, a presenza de muíños e canles e unha extensa rede de camiños practicables para o sendeirismo completan un conxunto de alto interese histórico, natural e etnográfico.



De Baiona a Santa Trega... a costa sur

11

O percorrido pola costa sur de Galicia, permite transitar por un tramo litoral único, sen as habituais rías, enseadas e recortes. A estrada que une Baiona e A Guarda é un dos itinerarios paisaxísticos máis fermosos da costa galega: unha longa beiramar rectilínea que descende de norte a sur coa compañía da sorprendente serra da Groba.



▼ Cabo Silleiro

Baiona é a saída do percorrido. Vila mariñeira e turística, o seu bo clima e a protección na súa pequena enseada permitiu o establecemento da poboación dende antigo. Cunha coidada fronte litoral, o seu casco histórico foi declarado Conxunto Histórico-Artístico no ano 1993. A fortaleza de Monterreal é o referente patrimonial da vila. A súa localización no monte Boi, unha pequena península a carón do porto, define o litoral baionés. A súa posición estratéxica foi relevante dende antigo, sendo recinto amurallado dende o século II a.C. Os Reis Católicos outorgaron Carta de Poboamento ao recinto, comezando un período de esplendor comercial que pouco a pouco foi perdendo importancia até ser deshabitada no século XIX. O conxunto de Monterreal conta con diversos vestixios e edificacións, destacando as portas de acceso á fortificación e as torres (Porta do Sol, Príncipe, Tenaza e Reloxo) e o antigo Pazo de Elduayen do s.XIX foi amplamente modificado nos anos sesenta para albergar o actual Parador de Turismo. Saíndo de Baiona a primeira parada é o cabo Silleiro, punto no que o litoral muda definitivamente a unha disposición norte-sur. Neste punto destaca a densidade de elementos de interese: baterías militares, miradoiros e faros. O faro vello de Silleiro (1866), próximo ao mar e de escasa altitude, foi substituído polo chamado faro novo de Silleiro, torre octogonal a bandas brancas e vermellas que data do 1924. A

contorna do cabo é espectacular: mar aberto, vistas ás Illas Cíes e un continuo rochedo que semella emerxer dende o mar até o curuto dos montes. Dende Silleiro comeza a longa recta da costa sur. Co mar sempre á nosa dereita, a serra da Groba vai xurdindo con forza do noso lado esquerdo até acadar os 654 metros no Alto da Groba. O percorrido é un miradoiro continuo cara o azul infinito do mar e o verde da montaña. Por momentos non se sabe onde remata a terra e comeza ese mar que, nos días de vento chega a mollar a estrada. Entre Mougás e Oia a serra dálle un respiro ao mar, deixando un espazo respecto á costa que é utilizado para o cultivo en pequenas e irregulares parcelas delimitadas con pedras e aproveitadas en pendente mediante algunha terraza. Oia é un recuncho da costa. Núcleo pequeno adaptado á fronte litoral, ten rúas estreitas e un peirao ao pé do seu maxestoso mosteiro. O sol bate de fronte nas últimas horas da tarde e a fachada de Santa María resplandece. A Guarda é o extremo suroeste de Galicia. Vila de cores e mar, as casas do porto manteñen a estrutura mariñeira pero gañaron en altura cos anos. O espírito mantense e consérvase a memoria. Un paseo marítimo e un gran espigón, que queda pequeno cando o Atlántico ruxe. A espuma amorease contra o muro do porto e sae voando. O mar polo aire da Guarda. Santa Trega é un monte mítico. Vi-





O castro de Santa Trega ▲



A **serra da Groba** acompaña o noso percorrido pola costa sur dende cabo Silleiro até os arredores da Guarda. Montañas de base granítica, rochedos e matogueiras nos cumios e amplas extensións de piñeirais nas ladeiras.

A Groba é relevante en aproveitamentos forestais e gandeiros, sendo frecuente toparse con

gando solto pastando polo monte ou transitando polas pistas forestais, tendo lugar numerosos curros durante o verán. Os cu-

*Néboa na Groba,
nordeste afora.*

ros son recintos no que se reúne aos cabalos ou para o cortado de crinas e o marcado nun ritual an-

cestral coñecido como *Rapa das Bestas*, nunha fermosa corpo a corpo entre o home e o animal. Característica fundamental desta serra é a súa vertente oeste, que cae directamente cara o mar con fortes pendentes, o que orixina unhas extensas cuncas visuais que ofrecen grande amplitude de vistas sobre o mar.

xiando a vila da Guarda dende máis de 340 metros de altitude, érguese súbito e illado no vértice que xeran o océano Atlántico e o río Miño, na súa desembocadura. Punto estratéxico ocupado dende antigo, os diversos vestixios amosan a antiga relevancia do lugar: dende os petróglifos, até a ermida de Santa Trega que lle dá nome pasando polo castro,

un dos máis visitados de Galicia. A Citania de Santa Trega é un gran xacemento arqueolóxico da cultura castrexa, que alcanza o seu maior apoxeo no século I a.C. As numerosas edificacións amosan a magnitude que o poboado alcanzou, pola súa posición estratéxica e relevancia económica, predominando as construcións circulares pero deixándose sentir a influencia romana coa

presenza doutras de planta rectangular e nas murallas defensivas. O castro foi declarado Monumento Histórico-Artístico no ano 1931 e é tamén Ben de Interese Cultural. No alto do monte a paisaxe emocionante con 360 grados de vistas panorámicas: ao norte A Guarda e a serra da Groba, ao leste o Baixo Miño, ao sur Portugal e ao oeste o Atlántico, inmenso.

Non te podes perder...

Mosteiro de Oia

As milenarias pedras do castro contemplan o xogo de luces e as cores xeradas polo solpor no monte de **Santa Trega**. Miradoiro privilexiado, a presenza do río Miño fundíndose na inmensidade do Atlántico, a cabalo entre dous países, xunto coa grande amplitude de vistas dende o alto do monte converte ao luscofusco (momento final do día no que os elementos se perciben como sombras) nunha fastuosa experiencia.

O mosteiro de Santa María de Oia é un vello cenobio de orixe incerta. Podería ser unha fundación antiga por parte de San Martiño de Dumio, evanxelizador cristián e bispo de Braga que é considerado o *apóstolo dos suevos* no século VI.

Mosteiro bieito, no século XII pasa a mans da orde do Císter. Comunidade asentada en terra afastada e pouco desenvolvida, a actividade do mosteiro foi mudando a paisaxe e a economía da contorna coa introdución de cultivos e especies gandeiras (a vide e os cabalos no Baixo Miño son atribuídos a eles).

Dende o punto de vista arquitectónico a igrexa medieval destaca sobre o resto do conxunto. Nun emprazamento único, perfectamente integrado na paisaxe costeira de Oia, a fachada mira ao mar nun caso singular entre os mosteiros do Císter. Os restos dun vello peirao confirman a vocación marítima e pesqueira dos monxes.

Declarado Monumento Nacional (Ben de Interese Cultural, na actualidade) no ano 1931, agarda unha necesaria intervención que lle restitúa toda a súa beleza.





Da Fonsagrada a Negueira de Muñiz... mar de nubes no val do Navia

12

Entre A Fonsagrada e Negueira de Muñiz os vales suceden ás serras, nun continuo subir e baixar. As voltas do camiño ofrecen unha gran variedade de perspectivas ante o imponente val do Navia, que transcorre paseniño cara a Asturias. A paisaxe de montaña contrasta cos fondos vales nos que se agochan cultivos e aldeas.



A

Fonsagrada, cos seus 949 metros sobre o nivel do mar, é unha das capitais de concello localizada a maior altitude de Galicia. Á marxe da curiosidade xeográfica, esta elevación explícase pola disposición do núcleo na procura da captación do sol, nunha zona con invernos duros. Deste xeito a vila goza dunha grande amplitude de vistas e é recoñecible dende diversas localizacións da montaña luguesa. A vila dispónse configurando un casco urbano recollido e abrigado, pese á altitude, ordenándose en orixe en relación a unha antiga capela e á praza na que se sitúa a Fonte Sagrada. As vellas terras de Burón foron, historicamente, lugar de paso como testemuña a presenza do Camiño Primitivo a Santiago. Esta variante

xacobeá é coñecida como Vía de Alfonso II dado que foi o itinerario seguido por este monarca asturiano que pasou ao imaxinario como o primeiro peregrino. Saíndo da Fonsagrada cara a Asturias destaca a presenza da aldea de Paradanova, cuxo topónimo remítenos ás antigas vendas dos camiños sendo ademais descanso para peregrinos nunha función semellante á dos

*A Fonsagrada está nun alto
e Naraxa nun baixiño
máis arriba Vilabol
cun pelexiño de viño*

actuais albergues. O tránsito cara a Fonfría permite a contemplación ao lonxe das Terras de Oscos e de grande parte do extenso concello fonsagradino (o de maior superficie de Galicia con 400 km²). O desvío cara a Liñares de Bidul introduce o percorrido en paisaxes de piñeirais e matogueiras representativos destas serras e de rechamantes coloridos estacionais. Cara a Vilar de Cuíña, a forte pendente permite as primeiras perspectivas sobre o encaixado val do río Navia. O percorrido prosegue seguindo o curso do río, acompañándoo dende o alto, pasando pola Fornaza e por Arexo co seu imponente miradoiro. A estrada vai baixando cara ao río Navia, coas súas augas embalsadas polo encoro de Salime, na procura de Ponte de Boabdil, único paso cara a Asturias en moitos quilómetros de río. O accidentado terreo de ladeira permite o paso por dous miradoiros habilitados, bos espazos para o lecer e a contemplación, moi preto xa de

▼ Néboas no val do Navia.






Negueira de Muñiz é un dos concellos máis descoñecidos da xeografía galega en grande medida por ser o de menor número de habitantes: 215 segundo os datos oficiais do ano 2016. Concello de montaña con fortes contrastes, a súa posición periférica no oriente galego e os devires históricos foron marcando o seu carácter. Foi o notable local Antonio Muñiz Álvarez quen promoveu a creación dun concello de seu no ano 1925, disgregándose da Fonsagrada (que á súa vez tamén tiña pertencido ao extinto Concello de Burón). A denominación actual, que inclúe o apelido Muñiz, é oficial dende 1929. A construción da presa de Grandas de Salime ou do Gran Navia nos anos 1960 marcou a historia contemporánea. O encoro supuxo a perda de terreos agrarios, a incomunicación de diversas aldeas e un éxodo de poboación para as denominadas “colonias” da Terra Chá, Arneiro e Veiga de Pumar, creadas para acoller ao continxente migratorio negueirao. O Foxo, unha das aldeas abandonadas, foi reocupada nos anos 70 por un grupo organizado a modo de comuna, na procura dunha vida en contacto coa natureza. A experiencia inspirou o filme *Vilamor* (Ignacio Vilar, 2012).

▲ Vistas dende a estrada a Liñares de Bidul

Negueira de Muñiz, un dos lugares máis singulares de Galicia. A súa capital municipal é unha fermosa aldea de arquitectura popular, integrada no medio de prados e cultivos e sempre co río Navia presente. Elemento destacado é o conxunto formado pola igrexa de San Salvador e a casa reitoral, do século XVI. Na actualidade, o tránsito entre as ribeiras do Navia segue a realizarse mediante pequenas embarcacións que atravesan o encoro de Salime, sendo esta unha máis das singularidades destas terras que miran, en silencio, cara ao río.



Non te podes perder...

Miradoiro de Arexo

! O **butelo** é o prato estrela da gastronomía fonsagradina. Embutido de carne de porco, curado e afumado na propia tripa do animal. Moi popular en toda a montaña oriental galega e parte de León e Asturias, na comarca da Fonsagrada constitúe unha auténtica especialidade a degustar nos fríos días do inverno.

O miradoiro de Arexo localízase na aldea do mesmo nome, na ribeira galega do río Navia. A súa posición, cunha caída de máis de 200 metros cara ao río e fronte a un meandro, permite unha ampla perspectiva visual tanto do val do Navia como dos diversos altos da vertente asturiana (serra de Cuías e serra de Busto) e mesmo de elementos de detalle como unha alvariza que protexía as colmeas do apetito dos osos.

A principal característica paisaxística deste punto de observación é o contraste. Este ven dado por unha orografía accidentada formada por relevos de xisto e lousa e sobre todo pola forte diferenza altitudinal que xera condicións bioxeográficas moi diversas.

Deste xeito, dende Arexo, poden observarse distintos tipos de vexetación e de cultivos que configuran unha paisaxe sorprendente e variada: dende as matogueiras e rochedos propios das serras próximas aos 1000 metros de altitude até os viñedos nas zonas baixas entre 200 e 400 metros, pasando polas masas de piñeirais das ladeiras.

A presenza nas zonas baixas de vides e de certa vexetación de ambientes cálidos, como pode ser a sobreira, actúan de indicador bioclimático, contrastando coas frecuentes nevaradas das serras que bordean o val do Navia.

Arexo permite a observación dende un só punto de grande parte dos valores que converten a esta comarca nun paraíso natural recoñecido con diversas figuras de protección como a ZEC Negreira ou a Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón.



De Navia de Suarna ás Pontes de Gatín... portos dos Ancares

13

As amplas extensións dos Ancares permiten realizar un completo percorrido polos seus portos e vales. Lugar mítico da montaña galega, a súa natureza reloucante, orografía esgrevia e rico patrimonio etnográfico, fai desta comarca unha visita obrigada do oriente galego.



desvío cara a Murias e Balouta, que nos afastará do val. O primeiro gran ascenso é o porto de Folgueiras de Aigas. Pasando a aldea de Munís, a serra de Larxentes amósase dura e a estrada, con bo firme, comeza a asomarse a grandes desniveis. Camiño de Rao, o continuo subir e baixar permite fermosas perspectivas da serra. O val de Rao é un lugar perdido no tempo. Entre montañas que superan os 1000 metros, as pequenas aldeas acomódanse entre verdes prados e densa vexetación. Ao seu arredor as cortiñas e soutos remiten á economía agraria e gandeira da zona, con frecuentes invitacións a adquisición de mel e doutros produtos artesanais. Murias é a aldea grande da zona. De singular arquitectura, o núcleo adaptase á ladeira de forma integral. Pouco despois, unha coqueta área recreativa permite descansar e gozar das vistas do seu miradoiro: unha imponente caída sobre o río Rao que flúe fondo, encaixado. No camiño cara a Balouta entramos en Castela e León. Pouco importa, a paisaxe non entende de lindes e mantén toda a forza. Balouta é núcleo antigo. Similar a Piornedo pola presenza de pallozas pero posiblemente menos coñecido. Os Anca-

Os Ancares é un dos principais sistemas montañosos de Galicia. Conxunto de serras, as espectaculares paisaxes de montaña ofrecen grandiosidade e contrastan co recollimento das súas aldeas. Lugar illado, comparte serras coas zonas extremas de Asturias e León, conformando unha das rexións menos poboadas da Península Ibérica.

Navia de Suarna é o punto de partida escollido para este itinerario. A Pobra de Navia é a capital deste extenso concello e tamén o principal núcleo da zona. A súa traza na ribeira do río Navia desenvolveuse na contorna da Ponte Vella, de orixe altomedieval e durante anos o único paso sobre o río en moitos quilómetros á redonda. Seguindo o curso do Navia e da súa vexetación de ribeira, chégase ao

▼ Navia de Suarna.





A aldea de **Piornedo** (Donís, Cervantes) constitúe un dos exemplos mellor conservados da arquitectura popular das serras galegas. A súa riqueza etnográfica ten o máximo expoñente nas pallozas, antigas vivendas tradicionais típicas de Ancares que contan con planta circular, muros de pedra e teito de *colmo* (palla). Algunha delas utilizábanse como almacén denominándose *pa-lleiros*. Tamén son destacables os hórreos, cunha tipoloxía propia da zona. Unha das pallozas foi reconvertida en museo etnográfico, facendo posible a visita interpretativa. A disposición da aldea na ladeira da montaña garante o resguardo fronte as inclemencias e permite unha perfecta integración paisaxística das edificacións nunha contorna dominada polo equilibrio natural.



Pallozas en Piornedo ►

res ten estas cousas, é tan amplo que sempre queda algo por ver. As última casas de Balouta son o inicio das ramplas do Porto de Ancares. De firme cambiante e ascenso continuado, esta subida levaranos aos 1648 metros de altitude, no límite entre Galicia e Castela e León. As vistas dende o miradoiro de Balouta pagarán a pena. Silencio e calma. O percorrido esixe que volvamos (brevemente) sobre o andado na procura do desvío cara a Suárbol e Piornedo. Auténtico catálogo vivo da arquitectura popular da montaña galega, Piornedo

merece unha visita pausada. En Cervantes, por Donís e Vilarello, temos algunhas das meirandes concentracións de frondosas de Galicia, un auténtico espectáculo de texturas e cores, que nos

*O que ve Os Ancares,
ve todos os lugares*

levaran á Campa da Braña, punto clave para os afeccionados ao montañismo e ao sendeirismo por ser inicio de fermosas rutas como

a do Pico Tres Bispos (1794 m). Doiras é intersección importante no noso itinerario. Un pequeno paseo permite a visita ao seu vello castelo baixomedieval, coñecido tamén como Torre da Ferrería. As Pontes de Gatín, xa en Becerreá, supón a fin desta incursión na montaña oriental galega. De orixe antiga, a ponte daba sustento á Vía Romana XIX e conta cun miliario nun dos seus muros. Actualmente permite o tránsito peonil, deixando o tráfico rodado para unha ponte recente, nun agradable recuncho do río Navia co que rematamos a viaxe ancaresa.

Non te podes perder...

Porto de Ancares

! A lenda da **Ponte de Gatín** di que dous namorados vivían en cadansúa ribeira, separados polas augas do río Navia. O demo pactou co home a creación dunha ponte a cambio de darlle a vida do seguinte nacido na aldea. O home enganou ao demo, ofrecéndolle uns gatos recién nacidos, evitando así o cruel destino para o fillo que agardaba coa súa namorada pero condenando os gatiños. A ponte coñeceu-se dende entón co nome de Gatín.

Os Ancares designa un conxunto de serras. É frecuente que nestes casos o nome mais coñecido se aplique por extensión a toda a formación montañosa. Os Ancares é unha serra e tamén un val en Candín (León), contiguo ao val de Balouta e unido a través deste porto de Ancares.

Dende a cima, temos perspectivas das dúas vertentes: Por un lado, no sector norte o miradoiro de Balouta permite amplas vistas da aldea do mesmo nome, coas súas pallozas e coidados prados. De fondo as montañas ascenden a máis de 1700 metros, xa en terras de Asturias. Cara ao sur, o val dos Ancares discorre alongado acompañando, dende abaixo á serra que alberga ao Mostallar (1934 m).

O porto de Ancares foi incluído en diversas ocasións na “Vuelta Ciclista a España”.





De Pedrafita do Cebreiro a Samos... a entrada do Camiño de Santiago

14

Os camiños xacobeos conectaron a Galicia con Europa durante séculos e ségueno a facer. Entre as diversas variantes o Camiño Francés é o máis coñecido, sendo O Cebreiro o punto de entrada en Galicia. Este itinerario comparte o percorrido das primeiras etapas galegas dunha das vías de peregrinación máis importantes do mundo.



Pedrafita do Cebreiro é lugar de paso. Historicamente as diversas infraestruturas viarias foron procurando sitio neste porto de 1099 metros que marca o paso entre Galicia e a Meseta Central e serve tamén de punto de partida para acceder tanto aos Ancares como ao Courel. Pequena localidade de montaña é a capital municipal á maior altitude de Galicia. Destacan as súas magníficas queixerías, que fan do *Queixo do Cebreiro* un dos máis valorados de Galicia. Dende Pedrafita do Cebreiro a estrada cara O Cebreiro transita pola ladeira a modo de continuo

miradoiro con fermosas vistas das serras, dun verdor irreal. O Cebreiro é un dos grandes fitos do Camiño de Santiago en Galicia. Aldea tradicional

O Cebreiro, transmisor de costumes e estruturas prerromanas é sempre fito e feudo dos peregrinos a Compostela.

recuperada como centro espiritual e turístico conta con diversos elementos patrimoniais de interese e unha localización privilexiada. No alto de San Roque unha

impoñente estatua serve de homenaxe ao esforzo dos peregrinos; e non moi lonxe, a aldea de Hospital, topónimo viario que se relaciona coa presenza dun antigo hospital (entendido como atención aos viaxeiros). Se ben non se teñen atopado restos na zona, tamén se lle coñece como Hospital da Condessa, pola posible fundación a cargo de dona Egilo, señora de Triacastela, no século IX-X. O Alto do Poio (1335 m) é outra das referencias do percorrido. En plena serra do Rañadoiro e con vistas ás serras de Oribio e Courel, é unha boa mostra das paisaxes

▼ Vistas dende o alto do Cebreiro





Exposto aos ventos, o peregrino loita simbolicamente contra os elementos. Podería ser unha crónica viaxeira, mais é a escena que representa a estatua do **alto de San Roque**. Peza en bronce de grandes dimensións, obra do artista José María Acuña, este peregrino de caracterización medieval resiste estoicamente o frío do inverno e a calor do verán. Situado a 1270 metros de altitude, San Roque pasa por ser un dos puntos duros do Camiño de Santiago. Son frecuentes as nevaradas e os forte ventos. Pero esta desprotección é compensada polas impresionantes vistas cara a serra do Courel e unha orientación que permite contemplar algúns dos atardeceres máis fermosos do interior galego.



Alto de San Roque. ▲

de montaña da contorna pero tamén das dificultades orográficas que deben superar os peregrinos. A chegada a Triacastela marca un certo descanso nas subidas e baixadas. Dende este punto o percorrido transcorre recollido polos frondosos vales fluviais do Oribio

e do Sarria, de húmidos prados. Samos é vila monástica. O mosteiro de San Xulián ocupa posición central na vila, na ribeira do río Sarria. Fundación bieita na Idade Media, o conxunto monumental conta con edificacións e elementos de diversos estilos arquitectónicos,

fundamentalmente renacentistas, góticos e barrocos. De grandes dimensións, conta con dous claustros e igrexa barroca do século XVIII. O río Samos artella unha agradable vila no medio de fragas e moi vivapolo pulo que lle dá ser un dos referentes do Camiño de Santiago en Galicia.



Non te podes perder...

O Cebreiro

! O **Faial de Liñares** é unha formación boscosa singular ao pé do Camiño de Santiago, sendo boa mostra das condicións bioxeográficas da zona. As concentracións de faias (*Fagus sylvatica*) só se dan en ambientes fríos propios de alta montaña e con solos frescos que contén con certa humidade constante. As súas cores son preciosas no outono e contrastan coas cortizas agrisadas e con manchas brancas destas árbores de excelso porte.

Aldea santuario, O Cebreiro é un núcleo tradicional da montaña luguesa rehabilitada polo seu interese etnográfico. Punto histórico de entrada do Camiño Francés en Galicia, o santuario de Santa María a Real supón o centro do conxunto. Edificación prerrománica do século IX, a base de cachotaría de lousa, a fachada foi reformada respecto á orixinal. No seu interior conta con diversas reliquias e elementos de interese como un cáliz do século XII.

A presenza de catro pallozas, convertidas en museo, permite entender a orixe da aldea con orientación ao pastoreo e á gandería. Estas vivendas circulares adáptanse ao hábitat de montaña pola ausencia de vans (o que permite o illamento do exterior) e os tellados vexetais (que soportan a neve).

A posición elevada, sobre 1300 metros, expón a aldea os fenómenos meteorolóxicos pero tamén permite o aproveitamento máximo da luz solar. A tradición oral recolle que as campás da igrexa eran utilizadas para guiar aos camiñantes nos días pechados polas frecuentes néboas e nevaradas. Isto, xunto coa dura subida dende terras de León, converte a O Cebreiro nun lugar épico do Camiño de Santiago.





Da Cruz do Incio ao miradoiro da Pena do Teso Grande... O Courel dos eidos

O Courel é un dos territorios míticos de Galicia, a reserva natural e espiritual dos galegos. Coa súa biodiversidade, as montañas destas serras conforman algunhas das postais de maior beleza que se poden atopar neste recuncho do mundo. A paisaxe, desbordante de cores e matices, pertence á categoría de lugares irrealis que só se poden explicar cando son percibidos en primeira persoa. A poesía de Uxío Novoneyra, o gran poeta do Courel, foi quen de describir con palabras tanta fermosura.

15



pista. O ascenso até Pedrafita do Courel marca o linde entre Samos e Folgoso do Courel. O val do río Pequeno vai ser o eixo do seguinte treito. Acolledor, frondoso, colorido... esencial. A sucesión de aldeas tradicionais, idealmente integradas na paisaxe, conflúe cos verdes prados, sebes e soutos. Sen dúbida unha das zonas mellor conservadas de Galicia, na que se consegue un equilibrio perfecto entre a natureza e a actividade do home. Seoane do Courel, núcleo importante no microcosmos courelá, supón un cambio de orientación no itinerario. A estrada aproveitada as voltas do río Lor e transcorre encaixada polo profundo val para achegarnos a Folgoso do Courel, capital municipal. Desde aquí, o desvío cara a Vilamor e Froxán levaranos a cruzar de novo as augas do Lor en Baldomir. Ao pouco, a carón do noso

Aserra do Courel é un sistema montañoso localizado no sector sueste da provincia de Lugo. Os seus cumios non son os máis altos de Galicia, pero si poden considerarse dos máis belos: Formigueiros (1641 m), Pía Paxaro (1610 m) ou o Teso das Papoulas (1603 m) son algúns dos teitos desta cordilleira. A Cruz do Incio, pequena vila en-

tre arboredos, é o punto de partida do noso devir por estas terras. Prados e os primeiros castiñeiros acompañan o percorrido por Foilebar e Vilarxoán. Chegando á ponte do Lóuzara a estrada vai-se estreitando até converterse en

*Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*

camiño, a ferverza de Vilamor convidada a unha pequena parada para contemplar a súa caída vertical e entre paredes ferruxinosas.

Vilamor é tranquilidade. O paseo polas súas estreitas rúas permite repasar un completo mostrario da arquitectura popular courelá, que só o

▼ Panorámica do Courel






▲ Vista dende o miradoiro de Teso Grande

paso do tempo parece cuestionar. Froxán é identidade. Conxunto arquitectónico e etnográfico declarado Ben de Interese Cultural de Galicia, recuperado con bo gusto, conxugando a sabedoría da arquitectura popular coas actuacións de recuperación das súas edificacións, nun trunfo contra o desleixo. O treito final transcorre elevado sobre o río Lor e ofrece impresionantes vistas panorámicas

co seu celme no punto final do itinerario: o miradoiro da Pena do Teso Grande. Dende aquí, podemos seguir parte da liña de cumios que forma o cordal do Courel: Pía Paxaro, alto do Boi, Cruz das Lastras, alto do Capelo... No primeiro termo a aldeíña de Castro Portela érguese sobre o val fluvial, allea ao brillo do ouro do Lor que, no seu día, trouxo até aquí aos romanos.



Froxán é unha das tantas aldeas do Courel que conserva todo o seu carácter tradicional. O modo de vida, a estrutura da aldea, a integración coa contorna... levaron á realización dun proxecto de recuperación integral do conxunto como tamén se fixo noutras aldeas como Seceda e A Seara. A aldea conta con escasas vinte casas que se amorean arredor de pequenas calellas empedradas e acomodadas, dunha forma case orgánica, ás formas do terreo. Coa lousa como material de construción, esta arquitectura sen arquitectos procurou solucións prácticas para a dura vida da montaña: tellados de lousa, balcóns, fornos, alpendres, alvarizas... A contorna conta con pequenas parcelas de cultivo, soutos centenarios e prados para o gando. Como se o tempo se detivese, a festa da castaña celebra a chegada dos produtos do outono, sendo conscientes da relevancia da conxunción coa natureza. Por todo elo, foi declarada Ben de Interese Cultural no ano 2006 na categoría de "Lugar de Interese Etnográfico".



Non te podes perder...

O val do Lor en Traspando


Uxío Novoneyra (Parada, Seoane do Courel, 1930 - Santiago de Compostela, 1999) é a gran voz do Courel. De familia labrega, a súa obra literaria identifícase de maneira simbiótica co territorio e as súas xentes, sendo O Courel un dos eixos fundamentais da súa poesía. Na casa familiar de Parada consérvase o banco dende o que contemplaba a paisaxe courelá. Foille dedicado o Día das Letras Galegas de 2010.

O río Lor artella boa parte do Courel, sendo eixo fundamental tanto na conexión ecolóxica como nas comunicacións a través da estrada que aproveita o leito para atravesar o concello, conectando as dúas entidades de poboación principais: Seoane do Courel e Folgoso do Courel.

Nunha das curvas do camiño, moi preto da capital municipal, sitúase a pequena área recreativa de Traspando, punto dende o que se aprecia unha completa perspectiva do curso do río Lor.

As vellas montañas do Courel, desgastadas polo tempo e a erosión, marcan os contrastes de altitude cos vales fluviais. A complexa orografía destácase polos cumios redondeados, propios das elevacións antigas, e fortes desniveis nas ladeiras. Isto implica grandes diferenzas climáticas, pasando das condicións de montaña aos microclimas mediterráneos dalgúns sectores de fondo de val. Como consecuencia, O Courel goza dunha das maiores biodiversidades de Galicia.

A presenza dos restos dalgunhas alvarizas, remiten tamén ao aproveitamento que os homes fixeron do territorio. O mel, ao igual que as castañas, é un produto fundamental desta zona, e a protección das colmeas unha teima obrigada pola antiga presenza de osos e outra fauna. A adaptación ao medio adquire, neste caso, un cariz épico.



De Chantada aos Peares... a Ribeira Sacra do Miño

16

A Ribeira Sacra do Miño é unha das grandes zona vitivinícolas de Galicia. A paisaxe de viñado combinada coa frondosa vexetación e a presenza dun rico legado románico crean un conxunto reloucante. Partindo de Chantada pódese gozar dun itinerario que percorre as marxes do río, cun sorprendente final nos Peares onde o Sil e o Miño deciden xuntarse.



Chantada é unha das capitais galegas do viño, ao abeiro de sobranceiros ríos como o Miño ou o Asma que outorgan unhas magníficas condicións para acadar caldos de calidade. A vila conserva fermosas rúas e acolledoras prazas no seu casco histórico, con edificios destacables como a Casona dos Lemos, do século XVI (actual Casa da Cultura). Dende as ribeiras do río Asma iniciaremos o percorrido. Os primeiros quilómetros transitan, por estradas principais, en paralelo ao curso do río, que discorre nervioso ao encontro co Miño. Unha longa baixada leva á zona de viñedos, abríndose de súpeto as vistas cara a unha impresionante aba de bancais. Un desvío conduce á ponte de San Fiz, volteando as terrazas entre vides e pequenas adegas de coidada feitura que auxilián o labor dos colleiteiros. Camiño de Belesar o itinerario case alumiña as augas do Miño, no punto onde se funde co Asma. As ladeiras diferéncianse entre solaina e avesedo; o viño precisa o sol e as plantacións de viñado orien-

*O Sil leva a auga,
o Miño leva a fama.*

tanse ao sur. En fronte unha salientable masa de caducifolias amplía a gama cromática da escena. Belesar, aldea tradicional, recibe ao viaxeiro coas súas instalacións náuticas. O contraste débese a que o afastado encoro dos Peares embalsa as augas até este punto, permitindo a navegación. Interessante parada, Belesar ocupa ambas ribeiras e pertence a dous concellos: Chantada e O Saviñao. Até a ponte de Pincelo proseguen os viñedos e carballeiras. Tras cruzala, unha estreita pista en subida leva á estrada principal. A paisaxe muda por momentos, aparecen os primeiros piñeirais do percorrido pero mantéñense os bosques mixtos. Entre algún castiñeiro divísase, fondo, o curso do Miño. O campanario da igrexa de Santa María de Nogueira de Miño divísase entre os verdes tons da vexetación, aliñándose erguido cun clásico ciprés. A aldea, enfeitizadora, remite a paisaxes de viñado doutras latitudes. Un tránsito súbito do bosque atlántico ao viñado de texturas case mediterráneas. No verán, o sol e a calor reforzan esa sensación. Dende aquí as vistas ao río se-





Aldea viñateira con disposición en ladeira e amplas vistas sobre o río Miño, **Nogueira** conta cun fabuloso tesouro, a igrexa de Santa María. Da fábrica románica do século XII, destaca o seu gran rosetón, pero conta tamén con elementos barrocos como a fachada e torre do século XVIII. Santa María de Nogueira de Miño resulta única polos murais renacentistas do seu interior. As pinturas foron restauradas no período 2012-2013, incluíndo os murais e as ábsidas historiadas que lle outorgan o sobrenome de “Capela Sixtina da Ribeira Sacra”.

◀ Codos de San Fiz

rán constantes. A elevada cota da estrada actúa a modo de miradoiro continuo cando a frondosa vexetación o permite. O plácido tránsito supera aldeas de interese con relevantes igrexas como a de Santo Estevo de Chouzán ou a

igreja vella de San Xoán da Cova. Os Peares é un lugar difícil de desentrañar; tres ríos e seis pontes situados en catro concellos de dúas provincias. Un antigo núcleo que se adapta ás esgrevias ladeiras dos ríos Miño, Sil e Bubal e se reparte

entre os municipios de Nogueira de Ramuín e A Peroxa (provincia de Ourense) e Carballedo e Pantón (provincia de Lugo). O famoso encontro entre o Miño e o Sil permite comprobar cal leva auga, dado que a fama é cousa de ambos.

Cabo do Mundo ▼



Non te podes perder...

Belesar

! A ferverza do Fondós é unha caída de auga situada a carón do monumental **Penedo do Graúllo**, enorme rocha vertical de cuarcita. Segundo a lenda, a rocha formou parte dun vello castelo polo que na zona é coñecido como o *Penedo do Castelo do Monte do Graullo* (exemplo da abondosa e rica toponimia galega). A contorna do penedo destaca pola súa vexetación conformada por especies de carácter mediterráneo como aciñeiras e sobreiras.

Paso histórico sobre o río Miño, a aldea de Belesar constitúe un gran exemplo de aldea tradicional da Ribeira Sacra. A súa trama e arquitectura, coas casas amoreadas, intégrase perfectamente na paisaxe de viñado.

Os *Cóbdos de Belesar* amosan a relevancia viaria deste enclave. Os restos da antiga calzada romana sortean o desnivel con reviradas curvas que reciben esa descritiva denominación. O xacobeo Camiño de Inverno, alternativa ao Camiño Primitivo nas épocas de nevaradas, transita tamén por este punto.

A ponte non foi construída até o ano 1830, sobre unha vella base medieval que fora derrubada por unha enchente no 1780. Até ese momento utilizábanse barcas, ao igual que noutros puntos do río que non dispuñan de paso, co que se foi constituíndo unha tipoloxía propia de embarcación coñecida como barcas do Miño, caracterizadas polo seu fondo plano e por ser propulsadas por remo e vara.

A paisaxe, o río, o viño de calidade... a confluencia de factores converten a Belesar nun punto de encontro obrigado nos percorridos pola Ribeira Sacra lucense.



De Monforte de Lemos a Santo Estevo de Ribas de Sil... camiños heroicos da Ribeira Sacra

17

A Ribeira Sacra é unha das paisaxes con máis carácter de Galicia. A particularidade xeográfica que supón o Canón do río Sil leva asociada unha singularidade climática que outorga relevancia aos viñedos e fragas.

A presenza dun riquísimo patrimonio completa un conxunto no que a calidade é o denominador común, aplicado aos caldos, á arquitectura relixiosa ou á paisaxe mesma.



da Homenaxe do castelo dos Condes de Lemos, señores nobres destas terras e condado de grande relevancia no devir político e histórico de Galicia. A monumental estrutura de trinta metros de altura foi construída entre os séculos XIII e XIV e, en conxunto coa muralla medieval, declarouse Ben de Interese Cultural no ano 1994. Doade é un dos centros da viticultura da zona. Pasando a aldea, ábrese ante nós unha espectacular perspectiva do río Sil. Benvidos á Ribeira Sacra en todo o seu esplendor. Descendendo entre viñedos podemos facer un descanso no miradoiro de Souto Chao, para continuar despois ata o embarcadoiro de Doade, onde se pode subir a bordo dun catamarán para navegar polo río. A ponte une as provincias de Lugo e Ourense e dende aquí comeza unha forte subida que nos levará a recuperar todo o descenso anterior. Castro Caldelas aférrase ao seu outeiro, contemplando a inmensidade dende o seu castelo. De orixe incerta, sábese que pertenceu á Casa de Lemos e foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1994. A coitada vila conta coa consideración de Conxunto Histórico-Artístico. De camiño a Cristosende, xa na

Monforte de Lemos é vila referencial dende hai séculos. Asentada nas ribeiras do río Cabe, ten unha posición central no produtivo val de Lemos. Funcionalmente realiza un papel propio dunha

cidade, equidistante entre Lugo, Ourense e Ponferrada, sendo un nó básico nas comunicacións, especialmente nas ferroviarias. Considerada capital da Ribeira Sacra, a súa monumentalidade ten como máximo expoñente a Torre

▼ Miradoiro da Columna





O miradoiro de Souto Chao (Doade, Sober) sitúase nun promontorio en pleno Canón do Sil. Os fortes desniveis non impiden a presenza de vides, procurando sempre a orientación que ofrece maiores horas de sol e aproveitando as suaves condicións climáticas. Na ladeira oposta, mestas fragas cobren grandes superficies. Dende Souto Chao, apreciase tamén a grandeza do Canón do Sil. Producido en orixe por unha fractura tectónica, foi a posterior erosión fluvial a que lle deu o aspecto actual. A acción humana foi modelando os usos do solo, outorgando unhas texturas que converten a esta escena paisaxística nunha auténtica experiencia para o sentidos.



Teixeira, o miradoiro da Galeana anuncia o que virá despois: os canóns dos ríos Mao e Sil. Cristosende é exemplo de aldea asentada en bocarribeira: concepto definido por Otero Pedrayo, no que a aldea se sitúa na zona chaira superior, en contacto co borde do val, quedando os cultivos nas ladeiras sendo necesaria a creación de bancais para gañar terreo cultivable. Unha nova baixada, con amplas vistas sobre o Sil, leva á Fábrica da Luz, ao pé do río Mao e da súa insólita pasarela, que nos permitirá camiñar entre as copas das árbores. O percorrido segue polo Canón do Sil, pasando por aldeas entre sou-

tos e viñedos: Barxacova, Sacardebois, Purdeus... até chegar a Parada de Sil. Un desvío no itinerario permite a visita aos Balcóns de Ma-

*Ascende o home
pola ribeira en costa.*

*Agatuña o socalco,
salmodia do alén.*

drid, un dos puntos máis populares da Ribeira Sacra pola perspectiva frontal da paredes do Canón do Sil. Malia todo o que levamos visto, o miradoiro de Cabezoá ten aínda a capacidade de sorprendernos. Situado nunha forte caída cara o

Viñedos da Ribeira Sacra en Cristosende ▲

Sil, conta cunha plataforma metálica que permite unha privilegiada ollada ao meandro do río, no que o canón se mostra con toda a súa espectacularidade. O punto final deste itinerario é o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín). Orixinario da época medieval, séculos VI-VII, posúe tres claustros de candaseu estilo arquitectónico: románico, barroco e renacentista. Declarado Monumento Histórico-Artístico no 1923, ten consideración de Ben de Interese Cultural desde 1985. O cenobio ocúltase entre os vigorosos castiñeiros de frondosos soutos, tan representativos da Ribeira Sacra.





Non te podes perder...


A viticultura heroica fai referencia aos labores vinícolas desenvolvidos en pendentes que chegan a acadar o 70% de desnivel. Nalgunhas viñas instálanse raís (polos que soben as uvas en vagonetas motorizadas) para evitar a pendente e mesmo existen parcelas ás que so é posible acceder en barco, sucando as augas do río Sil. Por todo isto, a vendima na zona pode resultar unha tarefa heroica.

A Fábrica da Luz-Pasarela do río Mao

O río Mao é un irmán pequeno do río Sil, que conta tamén cun fermoso canón, paredes abruptas e vexetación sobranceira. Ao igual que sucede co Sil, a forza do Mao foi aproveitada para a produción de enerxía eléctrica, sendo un dos primeiros ríos galego en ter este aproveitamento.

A Fábrica da Luz é unha vella central hidroeléctrica construída no 1914 que, no ano 2011, foi reformulada como albergue turístico, local de usos múltiples e centro de formación ambiental e turismo activo. A súa perfecta integración na contorna exemplifica a posta en valor do patrimonio industrial, sendo consecuente coa contorna natural na que se insire.

Dende a propia fábrica, parte un sendeiro que pronto se converte en pasarela e que transcorre elevado pola marxe esquerda do Mao até o seu encontro co Sil, á altura da aldea de Barxacova. O microclima da zona permite a presenza de fraga atlántica e de especies de matiz mediterráneo como érbedos ou aciñeiras.



Da Veiga aos penedos de Oulego... vales e serras do oriente galego

18

A zona sur oriental de Galicia é un destino de calidade. A sucesión de vales e serras marca diversos ambientes que van dende a alta montaña da contorna de Trevinca ás paisaxes vitivinícolas de Valdeorras pasando polos matices mediterráneos do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.



O percorrido entre A Veiga e os Penedos de Oulego supón transitar por vales e atravesar serras. A variedade paisaxística e o grande valor ecolóxico permite realizar un traxecto de enorme interese e beleza. A Veiga é un dos concellos de maior extensión de Galicia e como tal ten moito que ofrecer. Configurado entorno ao val do río Xares, o seu territorio está cuberto por un denso manto de árbores frondosas que ofrecen unha variada paleta de cores, especialmente cando chega o outono.

Partindo da Veiga cruzamos a ponte do Xares sobre o encoro de Prada, punto de interese para actividades como a pesca e os deportes náuticos ou mesmo para un baño na praia dos Franceses. A pequena estrada que bordea o encoro transita por corgas entre prados e carballeiras ata acadar o muro da presa, chegando xa ao núcleo de Prada. Vai en paralelo á Senda Ver-

de do Xares, ruta recomendable para aqueles que gusten do sendeirismo por tranquilas paraxes. Dende Prada comeza un ascenso propio dos grandes portos de montaña que nos levará ao alto da Portela, enlazando coa baixada cara a Valdeorras. Capital comarcal e segunda entidade de poboación da provincia de Ourense, O Barco de Valdeorras destaca polo seu dinamismo económico e polo clima benigno, factor fundamental para a produción vitivinícola e que lle outorga prestixio mundial aos seus viños. As paisaxes de viñado deixan paso ao val do Sil na procura do Parque Natural Serra de Enciña da Lastra, no que destacan os Penedos de Oulego erguéndose coas súas rochas calcarias por riba do manto verde da vexetación e creando un singular contraste. A serra da Enciña da Lastra constitúe unha rareza na xeografía galega. A presenza de flora de ambientes cálidos como poden ser as aciñeiras, sobreiras e singularmente o tomiño que impregna o aire co seu característico olor, trasládanos a outras latitudes.

*O viño de Valdeorras
delicias do corazón*

*Se bebemos un grolíño
cantaremos a seu son*

Cantaremos a seu son,

*O viño de Valdeorras
delicias do corazón.*



O río Corzos, tributario do Xares, agocha unha pequena xoia natural moi preto da Veiga. Auga, rochas, covas e carballos conforman un labirinto no que, segundo a lenda, habitaba unha *moura* (persoeiro mitolóxico da tradición galega con poderes máxicos) que tiña un peite de ouro que deixaba caer para comprobar a bondade das mozas da zona: as pedras que atopamos no camiño son as mozas que

colleron o peite e non llo devolveron á moura. Os grandes ocos conformados polo penedos graníticos xeran que o río Corzos desapareza baixo delas, conformando pozas que serven de piscinas naturais. Unha das covas foi utilizada polos *fluxidos* na Guerra Civil polo que aínda hoxe é coñecida como A Cova dos Escapados, da que só eles coñecían o acceso a través dun pequeno burato.



Non te podes perder...

O alto da Portela

! A presenza continua de altas montañas como fondo escénico lémbra-nos que estamos ante o teito de Galicia: o **macizo de Trevinca**. Este sistema montañoso reúne os cumios de maior altitude de Galicia destacando os tres primeiros como son Pena Trevinca (2127 m), Pena Negra (2121 m) e Pena Surbia (2116 m), todos eles na serra do Eixe.

O alto da Portela é un punto de inflexión no percorrido dado que separa as vertentes do Xares e do val do río Sil. Este aspecto supón tamén unha mudanza nas condicións bioxeográficas, marcándose dende este punto o contraste entre o val do Xares e Valdeorras. A diferenza climática tradúcese en diversidade de flora e fauna, tendo a zona de Valdeorras un comportamento propio de ambientes mediterráneos.

A Portela, entre matogueiras e piñeirais propios de espazos de montaña, permite contemplar a profundidade dos encaixados vales dos pequenos cursos fluviais (Mao, Azoreiras, etc.) que baixan cara o río Xares.

Tamén coñecida como A Portela do Valado, cos seus 1124 metros supón un paso de montaña histórico. A propia toponimia revela a funcionalidade deste lugar, dado que Portela indica “unha abertura que se fai para que poida pasar o gando ou as persoas”, comunicando dúas terras baixas como A Veiga (terreo amplo e fértil ás beiras dun río) e Valdeorras (no val do Sil a pouco máis de 300 metros de altitude).



An aerial photograph of a village built on a rocky hillside. The buildings are light-colored with dark roofs. The surrounding area is lush with green trees and vegetation. A river valley is visible in the foreground, with a road winding through it.

Da Pobra de Trives ás Ermidas... herdanza romana nas terras do Bibeí

19

O río Bibeí flúe pola provincia de Ourense ata empatar co río Sil. Nas voltas do seu percorrido atravesa as Terras de Trives, entre rochosas paredes nas que medran viñas históricas.

Partindo da Pobra de Trives, descéndese ata a Ponte Bibeí, expoñente máxima da herdanza romana na zona e que aínda a día de hoxe facilita o paso a Larouco e Valdeorras na procura do sorprendente destino final: o santuario das Ermidas, empoleirado nas rochas.

O encaixado val do río Bibei define este itinerario dividindo en dous o percorrido e artellando un territorio montañoso pero de fortes contrastes climáticos. A Pobra de Trives é o punto de orixe do percorrido e tamén a principal vila da comarca. O núcleo antigo, que conserva vellas e estreitas rúas, foi paso da Vía XVIII romana ou Vía Nova que unía Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga). A emblemática Torre do Reloxo na praza do mesmo nome pode servir de punto de partida, non sen antes degustar a deliciosa bica de Trives, biscoito de sobremesa de obrigado desfrute nestas terras. A vella estrada que une Ourense con Ponferrada deixa a vila e transcorre entre mestos soutos que nos



lembrar a relevancia da castaña nestas terras. A continua baixada ábrese ao val do Bibei e a frondosidade da vexetación deixa paso aos socalcos que ocupan a vertente cara ao río. A orientación á solaina e a protección no encaixe do val permiten a existencia dun microclima que resulta idó-

*Ládranlle os cás de palleiro
as néboas de medía noite
que, coma lobos famentos,
faíscan nivand'o monte...*

neo para o cultivo das vides de variedades Godello e Mencía. A estrada vai salvando o desnivel, volta tras volta, ata chegar a

▼ Descenso dende A Pobra de Trives.






carón do río. Na parte máis fonda do canón do Bibei, e a pouco máis de 300 metros de altitude, atópase a ponte romana do Bibei, flanqueada por diversos miliarios atopados na zona. Dende este punto toca remontar todo o baixado anteriormente, nun continuo subir polo alto da Ermida até alcanzar Larouco, sempre coa compañía ao lonxe de Cabeza de Manzaneda. A parte final do percorrido, xa no concello do Bolo é unha fermosa baixada cara ás Ermidas, na procura do reencontro co río Bibei. As condicións climáticas excepcionais, de tendencia mediterránea, permiten a presenza de vides e oliveiras e mesmo de exem-

plares de sobreiras e érbedos. O santuario da Nosa Señora das Ermidas localízase ao final do núcleo, incrustado literalmente nos bolos graníticos que bordean a parte superior da aldea. Edificado no século XVII por mandato do bispo de Astorga (Diocese á que pertence) foi declarado Ben de Interese Cultural en 2006. A fachada, datada entre 1713 e 1726, é un dos grandes expoñentes do barroco galego. A posición das Ermidas, entre os afloramentos rochosos e o inicio do canón do Bibei, outórganlle un marco paisaxístico inmejorable e cambiante segundo a estación do ano na que se visite.

O **entroido** é unha das grandes festas de Galicia, sobre todo na provincia de Ourense onde se manteñen moi diversas formas, costumes e tradicións. De antiga orixe, a festa lígase aos bailes, disfraces, comparsas e alimentos que anteceden á Coresma, coa que se contrapón polo recollemento desta. Nas Terras de Trives existen diversas prácticas vinculadas ao entroido, o que da boa mostra da riqueza etnográfica destes costumes que varían dunha aldea a outra. No caso da Pobra de Trives as rúas énchense cos foliós que cantan e bailan acompañados cos seus ruidosos bombos, sendo días relevantes o xoves de comadres e o xoves de compadres. Nos últimos anos vense celebrando en Trives un entroido de verán, que permite o desfrute aos visitantes co bo tempo do estío.



Non te podes perder...



Os **contrastos paisaxísticos** son unha das características fundamentais deste percorrido. A accidentada orografía é orixinada por fondos vales fluviais, especialmente o do río Bibei, xerando contraposición cromática entre as vides do fondo dos vales e as nevaradas dos cumios.

A ponte romana do Bibei

O canón do Río Bibei agocha unha xoia arquitectónica, a ponte Bibei, maxestosa obra granítica de tres arcos, 75 metros de lonxitude e elevada máis de 20 metros sobre as augas do río. A ponte, da época do emperador Traxano, foi punto clave da Vía Nova ou Vía XVIII do Itinerario Antonino. Construída, aproximadamente, entre o anos 114-119 d.C. segue en pleno funcionamento, sendo a única ponte da súa época (xunto coa do Freixo sobre o río Arnoia) que conserva practicamente intacta a súa estrutura orixinal, pese ás diversas remodelacións.


Os condicionantes técnicos van dende a propia elección do punto no que se debe superar o leito do río até a propia xeometría da construción. O trazado da propia Vía Nova está condicionado neste treito pola ponte, salvando o desnivel mediante unha sucesión de curvas de ferradura.

A perfecta integración da obra na súa contorna é a mellor mostra do bo facer dos enxeñeiros romanos na busca da eficiencia na intervención; e os case 2000 anos de antigüidade exemplifican a calidade da obra.

A Ponte Bibei foi declarada Monumento Histórico-Artístico en 1931 e, ao seu carón, consérvanse un miliario romano da época de Vespasiano (79-81 d.C.) e unha columna de Traxano en referencia á obra da propia ponte.



De Montederramo a Manzaneda... a través do Macizo Central ourensán



20

O tránsito polo Macizo Central ourensán supón toda unha experiencia para os sentidos. As impresionantes vistas das serras, as cores propias dunha suxestiva vexetación e o compás do silencio permiten realizar un relaxante percorrido por algunhas das paisaxes mellor conservadas de Galicia. Pequenas aldeas salpicadas nun territorio de extraordinarios valores naturais e que conta, ademais, coa única estación de montaña de Galicia: Manzaneda.



O Macizo Central é unha sucesión de serras que atravesan a provincia de Ourense. Os vales da vertente norte ofrecen admirables percorridos entre prados e sobre un manto de acivros, carballos e bidueiros que ascenden polas ladeiras ate as cimeiras rochosas das serras de San Mamede, Burgo, Queixa e Cabeza de Manzaneda. Non son as montañas máis altas de Galicia, pero a súa beleza está fóra de toda dúbida.

Montederramo é o inicio ideal para este percorrido. A súa acolledora praza central artéllase arredor do mosteiro de Santa María, xoia arquitectónica confluencia de diversos estilos. Pouco despois da saída atópase o desvío cara ao Bidueiral

de Montederramo, unha gran concentración de bidueiros (*Betula alba*) a modo de bosque nórdico pero no sur de Galicia. Seguindo o curso do río Mao, imos atopando aldeas perfectamente

Cando vamos a Cabeza Grande, Cabeza de Manzaneda. Miña Galicia querida. Ese é o Ceo da terra.


integradas nas paisaxes gandeiras tipo *bocage* cos seus vellos peches de pedra e sebes. De fondo, a Serra de San Mamede cambiante segundo a época do ano. Pasando San Fiz, nunha volta do

camiño, o amplo val de Queixa ábrese ante o viaxeiro coa serra do mesmo nome como fondo escénico propio dun decorado. A estrada transcorre de seguido abeirando o encoro de Queixa, superándoo polo muro da presa.

As terras de Chandrexa de Queixa lévannos cara a Manzaneda, única estación de montaña de Galicia na que practicar actividades vinculadas á neve. Cabeza Grande de Manzaneda (1781 m) é unha das montañas referenciais da xeografía galega, sendo a altitude máxima do Macizo Central ourensán e formando parte dun cordal que limita co val do río Bibei.

A baixada cara á vila de Manzaneda permite vistas dunha nova vertente,

▼ Miradoiro de Chaira das Lamas



especialmente dende o miradoiro de Chaira das Lamas. No marco dunha paisaxe de montaña, destacan as matogueiras e os pastos extensivos para o pastoreo, práctica de uso histórico na zona. O descenso da cota de altitude permite a presenza dos primeiros soutos, con exemplares míticos como o Castiñeiro de Pumbariños no Souto de Rozavales.

A vila aséntase nunha chaira e conserva a morfoloxía da época medieval e parte da muralla defensiva. A Porta da Vila (século XII) é o principal vestixio deste sistema de protección que tivo no seu día máis de 400 metros de lonxitude. Dende aquí, a rúa da Igrexa ou rúa do Medio artella o casco medieval de estreitas e coidadas calexas, desembocando na igrexa de San Martiño.

O sistema defensivo completábase co castelo, do que hoxe quedan restos aproveitados como miradoiro. A revolta Irmandiña supuxo a fin da torre medieval, polo que o castelo foi reedificado no século XVI baixo o mandato dos Condes de Ribadavia. A nova construción incluía un penal coñecido como Cárcere dos Sarmiento pola liñaxe dos condes, convertida hoxe en centro cultural.

Santa María de Montederramo. ▼



Santa María de Montederramo

é un mosteiro con orixe no século X. A maior parte das súas edificacións actuais foron construídas entre os séculos XVI e XVII, sendo elemento singular a fachada renacentista de estilo Herreriano. Mosteiro bieito dende o século XII, a orde do Císter seleccionaba lugares illados e tranquilos como emprazamento dos seus cenobios. Santa María de Montederramo

localízase a carón do río Mao, nunha veiga produtiva, aos pés da serra de San Mamede. En canto á arquitectura destaca a presenza de dous claustros, o claustro das Procesiões (do século XVI e con elementos góticos e renacentistas) e o claustro da Hospedaría (renacentista do século XVII). As orixes do mosteiro puideron estar nun antigo priorado en Seoane Vello. Foi no século XII cando foi refundado na súa

localización actual, segundo un documento datado en Allariz no ano 1124. Esta referencia é a primeira coñecida na que se utiliza o termo *Roboira Sacrata*, orixe do actual Ribeira Sacra nunha posible alusión aos abondosos carballos da zona (*Quercus robur*), se ben a gran cantidade de edificacións relixiosas nas ribeiras do Sil levan tamén á posible versión etimolóxica de Ribeira Sacra.

Non te podes perder...

O miradoiro de Queixa

! O río **Queixa** perde o seu nome no encoro, pasando augas abaixo a denominarse **Navea**, afluente do río Bibei. Este fenómeno é frecuente en cursos fluviais de escaso caudal e que van variando o seu nome en función da aldea pola que discorran.

O tránsito paseniño polo concello de Montederramo achega o percorrido a San Fiz, dende onde xa se intúen as ladeiras da serra de Queixa. Pero esta pequena aldea agocha unha sorpresa para o viaxeiro cando, sen previo aviso e tras varias curvas, o val do río Queixa ábrese ao viaxeiro coa vista imponente da serra ao fondo, establecendo un fantástico punto de observación dende o miradoiro de San Fiz.

O macizo de Manzaneda marca a paisaxe deste sector de complexo relevo. A serra de Queixa esténdese con cumios por riba dos 1700 metros (Seixo, Sistil Branco) aliñados con Cabeza Grande de Manzaneda e alternando co val do río Queixa, depresión fluvial que foi utilizada para establecer un encoro, inaugurado no 1953.

A serra de Queixa, con base granítica, presenta dende este punto diversas ondulacións orixinadas pola acción fluvial. A forte inclinación e as condicións climáticas fixaron a poboación nos vales fluviais, como sucede na contorna do encoro de Queixa, mantendo na actualidade unha destacable actividade gandeira que se traduce nunhas paisaxes ben conservadas.



Da Gudiña a Pradoalbar... a serra Seca e o val do Conso

21

A contorna da Gudiña é un territorio rexo e pouco habitado. A sorprendente paisaxe convida a gozar transitando por vellos camiños de saída e entrada a Galicia. Parte do itinerario proposto de vagar, é aquel que coincide coa da Vía da Prata, aquela que sobe á serra Seca coa mirada continua sobre os montes do Invernadeiro. A parte final, remontando o río Conso, é un espectáculo de fervezas e corgas até o destino final: a agochada aldea de Pradoalbar.



tura de calellas artelladas pola rúa Maior, eixo central polo que transita a Vía da Prata. Na praza Maior, a carón da igrexa de San Martiño e San Pedro, a Vía da Prata divídese en dous camiños: a variante sur que leva a terras de Verín e a alternativa norte que vai cara a Laza pola serra Seca, o denominado Camiño Antigo ou Vereia dos Galegos. Saíndo da Gudiña o itinerario transcorre pola serra Seca, ventosa e illada pero con extensas vistas sobre os vales e coa compañía de prados, matogueiras e algún castiñeiro que ofrece colorido no outono. A altitude vai en aumento na procura do Alto do Espiño, entorno aos 1000 metros. O percorrido está salpicado de vendas,

O gaiteiro da Gudiña e mais o da Martiñá andan en preito co vento e non sei quen gañará

antigas pousadas constituídas hoxe en aldeíñas que teñen unha orixe estratéxica ao servizo de arrieiros e seitureiros na procura da antiga sega castelá. Superada a Venda do Espiño, agárdanos a Venda da Teresa punto no que deixamos a Vía da Prata para dirixirnos cara a Vilariño de Conso.

O Parque Natural do Invernadeiro preséntase fachendoso, coas súas verdes ladeiras que contrastan coas rochas dos cumes e coa neve presente nos inclementes invernos da zona. A orografía configúrase a través dunha sucesión de ondulacións xerada polos regos que descenden cara ao río Camba, embalsado neste tramo polo encoro das Portas. O desvío cara a Pradoalbar dá paso a un mundo idílico de prados e soutos e introduce ao viaxeiro no val do río Conso. Os regos e regatos baixan do Invernadeiro caendo súbitos ao encontro co río conformando corgos, como se denomina ás fervezas na zona: Gorbias, Val do Cen-

za, Suafraga... soberbios ao lonxe. Edrada, aldea de pequeno tamaño pendurada nunha vertente do río Conso, pode presumir de ter unha das paisaxes mellor conservadas de Galicia, equilibrio entre valores estéticos e naturais, franqueada por fervezas, verdes prados e un denso souto. Pradoalbar é o final do percorrido, nun tranquilo val do curso alto do río, destaca a súa igrexa e os vellos peches de pedra das fincas que marcan trazos irregulares. É a porta de entrada á parte máis recóndita do Invernadeiro.



O río Conso ou Cerveira configura unha paraxe de grande beleza paisaxística. O estreito val resgarda uns extraordinarios valores naturais e agocha tamén numerosos vestixios patrimoniais. O terreo escarpado dos contrafortes do Invernadeiro outórgalle ao val do Conso unha singular relevancia: unha calzada romana, ramal secundario da Vía Nova que indica a importancia estratéxica da zona. O camiño de pedra transcorre a media ladeira, sobre o río, entre a Edrada e San Mamede. En Pradoalbar, unha ponte coñecida como Pontón de Pedra ou Ponte Romana, pero de dubidosa adscrición histórica, serve para superar o río Conso, proseguindo o camiño na procura dos restos do castelo da Cerveira, fortaleza no corazón da serra de Queixa.

A Gudiña é a porta sueste na que Galicia contacta con Sanabria a través da Mezquita e da Portela da Canda. Esta posición implicou a condición de lugar de paso histórico, punto obrigado de tránsito para arrieiros, seitureiros e peregrinos. Esta circunstancia fixo da Gudiña, moi próxima tamén a Portugal, unha vila dinámica e receptora de xentes de paso, condición que permanece a día de hoxe coas modernas infraestruturas viarias. A Gudiña, como vila antiga, conserva na parte alta a súa vella estru-



Non te podes perder...

O miradoiro das Portas

! A presenza dun lobi-shome na **comarca de Viana** está recollida na tradición popular, comentándose que se lle deu morte nunha ponte que ben podería ser a de Pradoalbar. Este territorio está acugulado de historias, algunhas verídicas, outras lendarias. Pero non son máis que lendas.

O miradoiro das Portas brinda unha formidable vista panorámica do Parque Natural do Invernadeiro e do río Camba, embalsado neste tramo polo encoro das Portas (rematado no 1974). Localizado moi preto do propio muro da presa, da que se pode observar a fachada interna, o miradoiro das Portas actúa como auténtico balcón sobre o manto de auga, cunha forte pendente cara ao río.

Á fronte, emerxendo das augas, poden observarse os diversos lombos e corgos que caen do Invernadeiro e que, nalgúns casos, superan os 1500 metros de altitude, como o alto da Pereisada (1501 m).

O Parque Natural do Invernadeiro forma parte do Macizo Central Ourensán, sistema montañoso que conforma unha dorsal que atravesa a provincia con orientación leste-oeste. As serras de Queixa e Fial das Cordas definen un espazo de preto de 6000 hectáreas que foi declarado Parque Natural en 1997.

O Invernadeiro é un espazo de montaña de paisaxes graníticas, cuberto por matogueiras con uces, protagonistas que mudan de cor segundo a época do ano e con nevaradas frecuentes. O acceso está restrinxido á solicitude de permiso como medida de protección dos seus sobranceiros valores ecolóxicos, sendo o único Parque Natural de Galicia deshabitado, dado que non conta con ningunha entidade de poboación na súa delimitación.

Dende o miradoiro das Portas, exposto aos ventos, pódese gozar do silencio dun lugar detido no tempo no que os invernos son longos e os veráns calorosos.



De Aquis Querquennis a Portela do Home... herdanzas romanas na Baixa Limia

22

O legado romano está moi presente na Baixa Limia. A cada paso, o rico patrimonio herdado da presenza de Roma nestas terras xorde en combinación cuns salientables valores naturais e paisaxísticos. O agradable percorrido polo val do Limia achéganos a estes recunchos da xeografía galega, revivindo os pasos históricos pola serra do Xurés, que dan paso a Portugal.



*Miña Virxe do Xurés,
que tan alta se foi pór,
entre toxos e carqueixas
e carballos darredor.*


A Baixa Limia é unha comarca de grande identidade. Lugar de paso dende antigo, o val do río Limia foi eixo de comunicacións chegando á actualidade numerosos vestixios da súa relevancia. *Aquis Querquennis* é un conxunto arqueolóxico que exemplifica a importancia do legado romano na zona. Localizado en Porto Quintela, na ribeira do río Limia, trátase dun campamento militar de planta rectangular e grosos muros. Dúas das entradas están recuperadas ao igual que o cuartel xeral ou *Principia*. Conta cunha serie de muros, vías interiores e canles de drenaxe, se ben parte do xacemento foi cuberto polas augas do encoro das Conchas (construído en 1949). As escavacións amosan unha ocupación duns cincuenta anos (79 d.C - 120 d.C). A súa posición en plena *Vía Nova* parece indicar que actuou como base de operacións desta importante arteria. O complexo conta ademais cunha *mansio*, (construción vinculada ao aspecto viario e que realizaba a función de lugar de descanso) e unhas termas. Un moderno centro de interpretación permite un mellor coñece-

mento do xacemento que é de acceso libre. O antigo trazado da *Vía Nova* serve agora como eixo fundamental do noso percorrido. Partindo de *Aquis Querquennis*, o curso do río Limia lévanos cara a presa do encoro das Conchas. Ao pouco, río abaixo, a cola do encoro de Lindoso (Portugal) embalsa de novo as súas augas. Unha moderna ponte levaranos ao desvío cara a Lobios, vila relevante na zona. A partir de aí a tranquila estrada diríxese cara Os Baños, singular complexo termal nas ribeiras do río Caldo e que xa era utilizado polos romanos polo seu contraste entre augas frías e quentes. As aldeas tradicionais coas súas coidadas terrazas de cultivo van deixando paso a unha paisaxe de serra dominada polos piñeirais e os afloramentos rochosos. Pequenos regos, denominados corgas nesta zona, baixan dos montes e caen abruptos polas costentas ladeiras. A Corga da Fecha é a máis coñecida de todas elas. En plena serra do Xurés, e tras unha pequena que pontella que supera o río Caldo, atopamos un conxunto de miliarios (sinais de medida viaria de época romana) e un tramo reconstruído da *Vía Nova* que convida ao paseo. A chegada á Portela do Home marca o punto final da ruta pero tamén a entrada a Portugal. Paso de montaña mítico da xeografía galega, os seus 822 metros son o punto máis ao sur de Galicia. A paisaxe envolve a escena na vella fronteira, compartindo ambas beiras unha natureza sen par.



Baixa Limia-Serra do Xurés é un espazo natural protexido declarado parque natural no ano 1993. Localizado no extremo suroeste de Galicia, constitúese por un conxunto de serras (Xurés, Peneda, Laboreiro, Quinxo, etc.) e o gran val do río Limia, auténtico corredor ecolóxico da zona. As paisaxes de serra caracterizan o espazo natural, sendo moi característicos os bolos e agullas graníticas no alto das desgastadas montañas, que non

superan os 1500 metros de altitude. Os valores naturais e paisaxísticos conviven cun rico legado histórico e etnográfico, formando un espazo de grande relevancia cultural e estética. Baixa Limia-Serra do Xurés é o parque natural de maior superficie de Galicia mentres que Peneda-Gerês é o único parque nacional de Portugal, conformado en conxunto un espazo protexido transfronteirizo.





▼ Serra do Xurés

Aquis Querquennis ▲



Non te podes perder...

Miradoiro da Corga da Fecha


A Vía XVIII do Itinerario Antonino, coñecida como *Vía Nova*, foi unha calzada romana construída no século I d.C. que unía as poboacións de Bracara Augusta (Braga, Portugal) e Asturica Augusta (Astorga, Castela e León). Na Baixa Limia a vía aproveitaba os vales fluviais do Limia e o Caldo, no tránsito entre a serra do Xurés e Celanova, actuando como eixo territorial.

As corgas son correntes de auga que baixan dos montes. Na Baixa Limia corga é un termo moi utilizado, sendo numerosos os exemplos de regatos que caen polas paredes graníticas da serra do Xurés.

O Fecha é un pequeno rego afluente do río Caldo. Fecha significa “rego” polo que Corga da Fecha vén a designar algo así como “curso de auga do rego”. Á súa vez recibe augas doutras corgas como Carballón, Curro ou Revolta. Esta confluencia de augas de montaña ten singularidade estacional, sendo o inverno e a primavera o momento de maior espectacularidade polo aumento de caudal.

A Corga da Fecha é chamativa. Máis de douscentos metros de desnivel convértena nunha das principais caídas de auga de Galicia. Diversos chanzos na rocha van deixando caer a auga cara o seguinte nivel nunha sucesión de fervezas encadeadas.

Na estrada de subida á Portela do Home existe un miradoiro habilitado para a observación da Corga da Fecha dende unha certa distancia, o que permite apreciála na súa totalidade e entender o seu contexto xeográfico e paisaxístico.



De Ourense a Ribadavia... baixando o Miño cara ao Ribeiro

23

O Miño é un río esencial na xeografía e na cultura galega. Este itinerario propón un percorrido seguindo o seu val dende a cidade de Ourense até Ribadavia, a través das paisaxes do viño da comarca do Ribeiro. Este percorrido, que combina valores patrimoniais, naturais e estéticos, discorre por terras de herdanzas romanas e trazos climáticos mediterráneos.



Ourense é unha das grandes cidades de Galicia, sendo a terceira entidade de poboación do país. A cidade da auga pola súa relación co río Miño e pola relevancia termal, permite un recomendable paseo no que xuntar patrimonio, natureza e boa gastronomía regada cos grandes viños da provincia. O casco histórico ourensán é un conxunto de grande interese: a Catedral, obra románica con diversas influencias polas sucesivas reformas, baixo a advocación de San Martiño; As Burgas, fontes termais do século XVII pero que veñen sendo utilizadas dende a Idade Antiga, e que permiten hoxe un caloroso baño no centro da cidade; e feiteiros recunchos como o praza do Trigo, o Eironciño dos Cabaleiros ou a praza da Madalena.

O itinerario parte da Ponte Vella, de orixe romana, e reconstrucións dos séculos XIII e XVII, é un punto estratéxico de paso da Vía da Prata. Foi declarada Monumento Histórico-Artístico no ano 1961. Dende a capela dos Remedios, temos unha fermosa perspectiva. O itinerario a carón do río Miño per-

*Se queres tomar un bo viño,
ó pasar polo Ribeiro
vai por Castrelo de Miño.*

mite ir vendo o paseo da ribeira e as sucesivas pontes, incluíndo a contemporánea Ponte do Milenio, obra vangardista do ano 2001 e que constitúe un miradoiro en si mesma. O percorrido segue baixando pola marxe esquerda do Miño até chegar ao parque das Termas de Outariz.

No tránsito de Barbadás a Toén, o frondoso bosque de ribeira deixa paso a extensos viñedos, protexidos polo val fluvial e que medran coas altas temperaturas do verán. A chegada do outono tinta estas paisaxes do seu variado cromatismo. O camiño cara a Ribadavia pasa polo Parque Náutico de Castrelo, acertada iniciativa que soubo conxugar o lecer co aproveitamento hidroeléctrico. Moi preto, na zona da presa temos unha fermosa estampa coa igrexa de Santa María de Castrelo dominando a paisaxe dende un outeiro elevado sobre o río. Ribadavia, capital do Ribeiro, acúbillase a carón do río Avia, que se atopa co Miño pouco despois da vila. O seu legado patrimonial e a profusa cultura do viño ben merecen unha tranquila parada.

▼ Viñedos no Ribeiro

Ribadavia á noite ▶





Capital do Ribeiro do Avia, vila de relevancia vitivinícola dende tempos históricos e Conxunto Histórico-Artístico dende 1947, son moitos os motivos para visitar Ribadavia. Rodeada de dondas montañas, no centro do val no que o Avia verte as súas augas ao Miño, **Ribadavia** é unha vila histórica que conserva a súa personalidade medieval, como a antano próspera xudería, o barrio da Alxama, que deixou trazas arquitectónicas e culinarias. Bens patrimoniais destacados son a praza Maior, punto de reunión baixo os soportais; o pazo dos Condes de Ribadavia, barroco e rotundo; o conxunto monumental de Santo Domingo, co convento do mesmo nome e a igrexa da Virxe do Portal e por suposto o castelo dos Condes Sarmiento de Ribadavia, do século XVI e punto final do noso percorrido.

Non te podes perder...

O Parque Náutico de Castrelo

As termas de Outariz están situadas na marxe dereita do río Miño, pero unha ponte peonil permite o acceso dende o noso itinerario. Gran conxunto termal formado por Outariz e a Burga de Canedo, as súas augas medicinais brotan a 60° e conta con diversas zonas de baños quentes ou fríos.

Documentado dende o século IX, é coñecido que foron os romanos os que introduciron o cultivo de vides nestas terras polo século III. As favorables condicións climáticas e as propiedades dos solos secos das ladeiras dos vales do Avia, Miño e Arnoia, permitiron o desenvolvemento dunha longa tradición produtiva e cultural vinculada ao viño.

O encoro de Castrelo de Miño anegou dende 1969 amplas zonas de viñado. A día de hoxe, sorprende a quietude do encoro, auténtico mar interior da provincia que se estende dende Castrelo a San Paio, chegando até o Balneario de Laias e Barbantes.

A presenza da grande extensión de auga permite a observación das ribeiras viñateiras, creando un fermoso mosaico cromático. Agudizando a mirada, pódense distinguir cara ao norte as curiosas formas rochosas de Pena Corneira (675 m), coñecida como o *Menhir do Ribeiro*.

O Parque Náutico de Castrelo actúa como centro de ocio e deporte na comarca. O club náutico é unha referencia deportiva e a pista de remo do encoro está considerada como unha das mellores de España, polo que é moi valorado por deportistas de toda Europa como lugar de adestramento e competición.

A combinación de actividades deportivas, paseos turísticos, áreas de lecer e a oferta gastronómica e enolóxica fan moi recomendable a visita ao Parque de Castrelo.



De Aviión ao miradoiro das Tres Rías... do Suído ao Cando

24

As serras do Suído e do Cando conforman o sector meridional da denominada Dorsal Galega, sistema montañoso que atravesa o centro de Galicia con disposición norte-sur. Cunha posición privilexiada, a medio camiño entre o Ribeiro e as Rías Baixas, estas montañas sorprenden pola súa paisaxe, patrimonio singular e contactos culturais con América, froito dos procesos migratorios.



*Na serra do Suído
atopei o meu amigo
Ai Deus, fica aquí!.*

galega do outro lado do Atlántico prosegue cos descendentes dos que partiron e, a día de hoxe, xeran un interesante fluxo cultural e económico que a converte nun lugar singular, con influencias arquitectónicas, gastronómicas e mesmo lingüísticas de procedencia americana. Partindo desta pequena vila de Avión, comecemos o percorrido que nos irá levando entre carballeiras e aldeas, unha paisaxe representativa do interior galego. Tras unha serie de desvíos en Abelen da, a chegada a Rodeiro marca o inicio do ascenso á serra do Suído. O Coto dos Xarotos é un porto de montaña que supera os 1000 metros de altitude. Destaca polas súas


serras do Suído e O Cando teñen explicación pola súa localización xeográfica, sendo o primeiro cordal montañoso que atopan as fronte atlánticas que penetran polas rías e vales fluviais até bater con estas paredes, o que converte a esta zona na de máis elevada pluviosidade de Galicia. Estas condicións xeran un hábitat no que predominan os afloramentos rochosos e as matogueiras nas zonas de maior altitude, brañas e zonas húmidas nas chairas, fragas e bosques autóctonos nas ladeiras e numerosos cursos fluviais. Ríos medios como o Avia, Verdugo, Oitavén ou Tea nacen nestas serras. Baixando do Suído por terras da Lama, a chegada á capela e carballeira das Ermidas supón un cambio de rumbo indo agora cara ao norte en dirección á serra do Cando. A sucesión de aldeas de arquitectura tradicional condúcenos polo val do río Verdugo até a Barcia do Seixo. Dende aquí o ascenso esixe precaución ao tratarse dun camiño de terra. O pequeno esforzo paga a pena por todo o que imos atopar na cima: a montaña máxica. A serra do Cando conta con numerosos elementos de interese, ecolóxicos, paisaxísticos e estéticos, pero acada unha gran singularidade pola forza telúrica do monte do

Avión é unha pequena vila en tamaño pero de resonancia en Galicia. Historicamente as xentes destes vales entre montañas procuraron un mellor futuro na emigración, fundamentalmente en México. A colonia

costeiras ramplas, especialmente no tramo coñecido como Outeiro Malato con múltiples curvas de ferradura. Xa no curuto, o parque eólico marca o punto alto da serra. As peculiaridades climáticas das

▼ Vista panorámica da dorsal galega





A **carballeira dos Prados** é un espazo de bosque autóctono moi ben conservado localizado entre as aldeas de Pigarzos e A Grifa, no concello da Lama. O río da Xesta artella o espazo recibindo neste punto as achegas de diversos regos como o Batán, o Corcovada ou Xubancas. Isto configura un hábitat de abundosa auga que se complementa con mestas carballeiras, entre as que se ergue a ermida dos Prados, de gran devoción na contorna. O espazo, moi axeitado para o paseo e o descanso, é o punto de partida dun percorrido que sube ao alto do Suído, na procura dun vello, e ben conservado, foxo de lobo, construcións utilizadas antigamente para a captura destes animais.

▲ Detalle da carballeira dos Prados

Seixo, montaña considerada como máxica pola tradición da zona. A cruz do Seixo preside a entrada na serra. A partir dela aparecen rochas de curiosas formas e profundos significados: Portalén coa súa disposición en forma de porta habilita un paso cara o máis alá, a porta do alén, permitíndonos introducirnos no mundo dos mortos. Esta porta ábrese unha vez ao ano, o día 1 de novembro, día de defuntos. Cómpre atravesala de

norte e a sur e sobre todo retornar á inversa dado que, segundo a lenda, corremos o risco de quedar atrapados no mundo dos mortos. O Marco do Vento é unha descomunal rocha granítica de máis de cinco metros de altura, disposta a modo de pedra fita como un gran menhir. O conxunto megalítico caracteriza unha paisaxe de montaña desgastada polos ventos e a auga. A capela de Santa Mariña, solitaria no verdor do cordal, sa-

craliza un lugar de cultos remotos. As grandiosas vistas poden gozarse dende diversos puntos da serra debido á súa disposición, pero acadan especial espectacularidade dende o miradoiro das Tres Rías, punto final do noso percorrido. Dende aquí entre muíños eólicos e gando, pódense enxergar ao lonxe as rías de Arousa, Pontevedra e Vigo, distinguindo (en días claros) como a ponte de Rande ou as illas Cíes.



Non te podes perder...

Os Chozos do Suído

As terras do Suído sufriron constantes migracións cara a América. Frecuentemente o destino elixido era o dos predecesores de cada aldea ou parroquia. En Avión (zona ourensá), por exemplo, emigraron maioritariamente a México, mentres que na Lama (zona pontevedresa) tivo maior peso Brasil. Froito destes movementos de poboación, podemos hoxe observar a presenza dunha arquitectura de trazas foráneas, as casas de indianos.

As néboas e a humidade forman parte do encanto do Suído, xunto coas texturas da vexetación propia de montaña e a presenza de gando en liberdade. A conxunción de elementos fan deste espazo un lugar moi representativo das serras medias galegas.

A humidade das zonas altas garante a presenza de pastos de montaña, razón pola que historicamente sempre houbo pastoreo e gandería extensiva.

Este aproveitamento da serra levou á construción dos *chozos*, edificacións sinxelas e xeralmente de pequeno tamaño con paredes a base de cachotería de granito e teitos de laxas. A súa utilidade era dar acubillo tanto a pastores como ao gando, que contaba con cortellos propios. Son frecuentes tamén os peches de lousa delimitando o espazo de pastoreo de cada familia e os curros e *sesteiros* para acomodar o gando.



Os mosteiros do centro de Galicia... de Aciveiro a Carboeiro

25

As comarcas centrais de Galicia presentan un rico legado de valores naturais e patrimoniais. Comarcas gandeiras que manteñen unha paisaxe ben conservada, sucesións de vales que conviven con áreas de media montaña como a serra do Candán e feiticeiros mosteiros que nos levan a outras épocas.



A Galicia Central pode presumir de contar con abondosas áreas de paisaxes tradicionais ben conservadas. A orientación gandeira de comarcas como Tabeirós-Terra de Montes e Deza levou a conformar un territorio que combina amplas zonas de pastos nos vales con superficies de arboredos e de matogueira nas serras.

Aposición central en Galicia motivou, dende o medievo, a presenza de activos mosteiros que actuaban como centros relixiosos, produtivos e xurisdicionais, con salientables exemplos como Aciveiro e Carboeiro.

Aciveiro localízase no concello de Forcarei, aos pés da vertente oeste da serra do Candán. Lugar fermoso e frío, o mosteiro de Santa María de Aciveiro acomódase nunha volta do río Lérez, aínda pequeno neste curso alto. A soidade do lugar pareceu apropiada para a fundación

Así son aquelas terras de Camba, Deza e Trasdeza, con tantos anos de historia como anos ten o mundo;

dende os celtas que construíron un castro en cada curuto.

como mosteiro bieito no século XII, pasando á Orde do Císter no século XIII. O seu poder residía en amplos dominios territoriais, exercendo xurisdición no centro de Galicia. O conxunto arquitectónico foi obxecto de importantes reformas e cambios. A igrexa de santa María, posiblemente inspirada na catedral de Santiago, é un dos grandes exemplos do prolífico románico pontevedrés, exceptuando a fachada que foi totalmente remodelada.

Dende Aciveiro comeza o

ascenso ao porto do Candán, suave dende esta vertente. As paisaxes de serra con rochedos e matogueiras combínanse con pastos de montaña, nunhas altitudes que bordean os 1000 metros e nas que a neve soe facer acto de presenza no inverno. A serra do Candán é un espazo singular e protexido como Zona Especial de Conservación dende o ano 2014, Lugar de Interese Comunitario dende 2004 e forma parte da Rede Natura 2000.

Mosteiro de Aciveiro ▼




O porto do Candán (854 m) marca a división entre Forcarei e Silleda, deixando Tabeirós –Terra de Montes e entrando no Deza. O cambio de vertente ofrece unha ampla perspectiva da comarca do Deza. A baixada é un miradoiro continuo sobre o verde val. A chegada a Laro marca o fin do descenso e o desvío cara a Silleda comezando un tramo entre prados e carballeiras moi representativo destes vales.

Silleda é un núcleo relevante en plena Vía da Prata. As instalacións feirais da Semana Verde de Galicia, con diversas actividades expositivas ao longo do ano, outorgan dinamismo a esta vila na que a parada é obrigada para degustar os seus famosos melindres. Recomendable é tamén a visita aos castros dos arredores como Toiriz (anexo ao casco urbano) e a Copa do Castro (a carón da fermosa

igreja románica de San Mamede).

O mosteiro de Carboeiro agóchase nunha frondosa fraga, perfectamente integrado nun meandro do río Deza. Fundado no século X como mosteiro bieito é unha das obras máis representativas do románico galego, con trazos de transición ao gótico. A súa localización nunha paraxe afastada e abrupta trasládanos a épocas pretéritas, poñendo fin a este itinerario.

Ponte do Demo ▼



Carboeiro presenta un bo equilibrio entre natureza e patrimonio. Á relevancia histórica do mosteiro cómpre engadir outros valores, que o converten nun lugar máxico. O río Deza transcorre por un val profundo que xera un microclima no que abundan especies de ambiente mediterráneo como érbedos (*Arbutus unedo*) e sobreiras (*Quercus suber*). A recente

creación dunha senda botánica de baixa dificultade e gran interese, permítenos coñecer os nomes dun importante número de especies arbóreas. Próxima ao mosteiro, a ponte do Demo, de orixe medieval, permite cruzar sobre as augas do río. A súa denominación fai referencia á lenda que asegura que o mosteiro foi edificado por un pacto entre os monxes e o propio demo.

As historias de atracos e outros sucesos acaecidas na contorna da ponte reforzaron a teoría, e o nome pasou a ser de uso común. En verbas de Antonio de Valenzuela: “O mosteiro de Carboeiro non di nada, xa o ten todo dito. Agacha a pureza das súas arquivoltas románicas do século XII entre unha mesta carballeira druídica”.


Non te podes perder...

Miradoiro do Candán

O porto do Candán ofrece unha vasta perspectiva da comarca do Deza. Coas serras de Faro e Farelo ao lonxe, a amplitude de vistas permite apreciar os valores naturais, estéticos e produtivos da comarca.

O gran val do Deza, rodeado por serras e montes, constitúe unha sub-conca hídrica propia que forma parte da vertente do río Ulla. Ríos de tamaño medio, como o Arnego ou o Asneiro, sucun o territorio creando unha densa rede de regos e regatos. O conxunto forma parte do Sistema fluvial Ulla-Deza, espazo natural protexido polos seus bosques de ribeira e pola acreditada presenza de peixes.


! As **neveiras do Candán** son pozos de neve do século XVII escavados no solo e con perímetro construído en pedra. O mosteiro de Aciveiro explotaba o comercio de xeo, fundamentalmente con Santiago de Compostela, polo que a neve era almacenada na profundidade para manter temperaturas baixo cero e logo ser utilizada para a conservación de alimentos.





50 miradoiros imprescindibles





1 A Bailadora

 43.455396, -8.280079 (Ares)

O Montefaro de Ares érguese até alcanzar os 266 metros no miradoiro da Bailadora. Este punto posibilita unha completa vista panorámica da ría de Ferrol, coa vila de Mugar dos en primeiro termo e a Cidade Departamental ao fondo, incluíndo o Arsenal militar e os estaleiros de Fene.

A estreita boca da ría, defendida polos castelos de San Felipe e A Palma, converte a este punto nun lugar privilexiado de relevancia estratéxica polo seu acceso por mar á cidade.

As antigas baterías militares da Bailadora, localizadas no propio miradoiro, forman parte dun extenso sistema defensivo que inclúe túneles e diversas dependencias militares que testemuñan a significación histórica desta contorna.

2 Pico Sacro

 42.808152, -8.446813 (Boqueixón)

O Pico Sacro é unha excepcional formación de cuarzo resultante de movementos tectónicos. Esta orixe outórgalle unha morfoloxía singular en forma de pirámide que serve de referencia aos peregrinos, especialmente no caso da Vía da Prata. Dende a súa cima domínase un amplo territorio, especialmente o val do Ulla.

Segundo a lenda da Raíña Lupa recollida no Códice Calixtino, que narra a chegada do corpo de Apóstolo Santiago a Galicia, catalógase ao Pico Sacro como a súa primeira tumba.

As múltiples lendas e historias vinculadas a este monte sagrado teñen reflexo nun excelso legado patrimonial que inclúe elementos inmateriais (cantigas, ditos, historias) e materiais como a Ermida de Santo Estevo ou covas como o Burato dos Mouros, onde, segundo a lenda, os romanos buscaron ouro.



1



4



2

3

Vixía de Herbeira



43.724133, -7.945587 (Cariño/Cedeira)

En poucos lugares dáse a coincidencia de que o pico máis alto dunha serra forme parte dun sistema de cantís costeiros. Así sucede con Vixía de Herbeira, que cos seus 615 metros convértese no teito da serra da Capelada, conformando algúns dos cantís máis elevados da Europa continental.

Isto fai que dende este punto se poida gozar dunhas asombrosas vistas da costa norte galega, nun tramo litoral aberto ao Atlántico entre o cabo Ortegal e a enseada de Santo André de Teixido.

A forza do vento, o arrecendo do mar e a imaxe das potentes ondas batendo contra unha costa verde esmeralda son o argumento que ofrece este miradoiro, antigo punto de vixía da costa como mostra a vella construción de 1805, coñecida como Garita de Herbeira.

4

Miradoiro de Cubeiras



42.851319, -9.053952 (Carnota)

Acubillado na media ladeira, nunha vertente do alto das Paxareiras, o miradoiro de Cubeiras observa o fantástico arco litoral que conforman as praias carnotás: dende Caldebarcos (ao norte) até Lira (ao sur), pasando pola praia de Carnota, un dos areas máis longos de Galicia.

Coa inmensidade do Atlántico de fronte, Cubeiras ofrece tamén unha perspectiva pouco frecuente do monte Pindo, imponente mole granítica observada dende este punto polos seus sectores sur e sur leste, o que permite apreciar a transición dende os cantís litorais ata as súas potentes ladeiras de fortes pendentes, rematadas en cumios por riba dos 600 metros de altitude.

5 Monte Treito

 42.745231, -8.777257 (Lousame/Rianxo)

Linde natural e administrativo entre os concellos de Lousame e Rianxo, o monte Treito ou Muralla constitúe un magnífico punto de observación a medio camiño entre a contorna da serra do Barbanza e as Rías Baixas.

Dende a súa atalaia rochosa, as ondulacións formadas polos pequenos regatos que descenden cara as rías conforman exiguos vales ocupados por aldeas que contan cos seus coidados campos de cultivo como é o caso de A Varela, Bustelo ou Vilar, todas elas cara ao sur do miradoiro e en primeiro termo.

Na media distancia, nunha ollada panorámica de 180 grados cara ao oeste, preséntase unha espléndida vista das rías de Arousa e Muros e Noia.

6 Miradoiro do Ézaro

 42.917148, -9.116177 (Dumbría)

A desembocadura do río Xallas, as ladeiras do monte Pindo, a enseada do Ézaro e os luscofusco co cabo Fisterra ao fondo. Todo isto ofrece este incomparable miradoiro localizado nun saínte rochoso que fai as veces de balcón natural, moi próximo á fervenza do Xallas, onde o río se precipita ao mar nun caso insólito a nivel europeo.

A estrada de ascenso supera fortes desniveis, pero o premio da chegada ao miradoiro compensa a subida: a amplitude de vistas sobre o océano Atlántico, o imponente perfil do granítico monte Pindo caendo cara ao mar, as pequenas illas Lobeiras e a inconfundible figura do cabo Fisterra ao lonxe conforman un punto de observación magnífico.

6



5



7 Monte do Facho

📍 42.885552, -9.271659 (Fisterra)

O cabo Fisterra é un lugar mítico do occidente europeo, a fin do mundo para os romanos e o punto último de chegada dos peregrinos que realizan o Camiño Fisterra-Muxía. Pero na base do cabo, un monte ascende até os 240 metros co nome de Facho, significativa referencia aos vellos sinais que se lles facían aos barcos dende lugares visibles e elevados como a Casa do Facho, antiga construción aínda visible.

Dende o monte Facho a inmensidade do Atlántico empequenece ao cabo Fisterra, co seu faro ergueito sobre un promontorio e facendo fronte ao océano. A localización litoral fai que a vexetación se reduza a matogueiras e a algún piñeiro que aguanta estoico o zoar dos ventos.

8 O Semáforo de Bares


📍 43.778024, -7.668876 (Mañón)

Vixiante na entrada da acolledora ría do Barqueiro, o Semáforo de Bares é un deses vellos postos de alerta que se situaban ao longo da costa galega.

Antigo edificio militar, a súa función repartíase entre a vixilancia de barcos e unha base de comunicacións e recollida de datos meteorolóxicos, aproveitando a elevación a máis de 200 metros de altitude sobre o mar Cantábrico, que neste punto comeza a mostrarse con forza.

As vistas sobre a vila de Bares e o seu porto e a illa Coelleira ofrecen unha completa perspectiva deste tramo costeiro de alto valor ambiental e paisaxístico.





9 Monte do Facho

 43.078287, -9.226776 (Muxía)

O Facho de Lourido é un monte de 312 metros de altitude dende o que se pode contemplar a Costa da Morte. O nome de Facho refírese aos antigos sinais luminosos e acústicos que se facían ás embarcacións dende lugares en terra altos e ben visibles.

O amplo dominio visual abrangue dende cabo Vilán até o cabo Touriñán, nun dos tramos máis agrestes da costa galega. Entre cabos, as vilas de Camariñas e Muxía e praias de salvaxe beleza, como a de Lourido, entre incontables rochedos batidos pola forza do Atlántico.


10 Seixo Branco

 43.396045, -8.349773 (Oleiros)

En pleno Golfo Ártabro, a Costa de Dexo-Serantes esténdese entre o porto de Lorbé e o faro de Mera conformando un extraordinario ecosistema litoral protexido coa figura de Monumento Natural.

A riqueza de flora e fauna é acompañada por unha paisaxe espectacular nunha costa crebada por cantís e furnas propia deste espazo de transición entre as rías de Ares, Betanzos e A Coruña.

O Seixo Branco é unha veta de cuarzo de destacada cor branca que chama a atención entre os cantís ata o punto de servir como referencia de navegación para os mariñeiros, ao igual que a Marola, illote próximo que marca o límite entre as augas tranquilas e o mar aberto, ben se dí que “quen pasou A Marola, pasou a mar toda”.



11 Os Picóns de Loiba

 43.744531, -7.752441 (Ortigueira)

A costa de Loiba é un escenario de película, literalmente. Diversos filmes e series de televisión como *La mala educación* de Pedro Almodóvar foron rodadas nestes cantís de forte caída e afiado perfil.

Os Picóns de Loiba son un conxunto de rochedos modelados pola erosión do mar e do vento, formando furnas e covas de singular sonoridade.

Dende o alto dos cantís obsérvase en primeiro termo o magnífico areal de Loiba e a Pena Furada, rocha monumental esculpida polo mar, que soporta estoicamente os seus envites. Ao lonxe, o cabo Ortegal remata a escena pola banda oeste, sendo o punto óptimo para a súa observación o coñecido Banco de Loiba.

12 A Curota

 42.625904, -8.959817 (A Pobra do Caramiñal)

O monte da Curota (596 m) localízase no sector sur da serra do Barbanza, conxunto granítico que artella esta península separando as rías de Muros e Noia (cara ao noroeste) da de Arousa (cara ao sueste).

A Curota conta cun conxunto de miradoiros como o Alto da Lagoa, coñecido por albergar unha estatua do ilustre literato Valle-Inclán; A Curota, coas antenas de comunicacións e A Curotiña (512 m), lugar a medio camiño entre os anteriores e onde se localiza este miradoiro, coñecido como A Curota de modo xenérico.

Dende este cumio gózase dunha ampla perspectiva das Rías Baixas, destacando a presenza de bateas nas ricas augas da ría de Arousa, salpicadas entre illas e illotes entre os recortes do litoral.

13 Monte Branco

📍 43.240531, -8.931717 (Ponteceso)

Os ventos soben pola aba do monte cubríndoo de fina area e dándolle esa aparencia branca que lle outorga o nome. O Monte Branco é unha formación que pecha o esteiro do río Anllóns no punto no que procura a súa saída ao mar.

Dende o alto do monte hai vistas de praias, cantís, dunas e a gran lingua de area da praia do Medio, denominada A Barra, que parece querer impedir que o Anllóns toque o mar.

A punta do Roncudo enfróntase ao monte da Insua onde o faro de Laxe guía o camiño de barcos e mariñeiros, conformando entre ambos a pequena ría de Corme e Laxe, que dende este miradoiro pode ser contemplada na súa práctica totalidade.

14 Castelo da Nogueirosa

📍 43.391391, -8.135467 (Pontedeume)

As terras dos Andrade gardan numerosos vestixios desta nobre familia do medievo galego. As Mariñas coruñesas testemuñan o rico legado patrimonial herdado, destacando o castelo da Nogueirosa.

Edificado no 1369 baixo mandato de Fernán Pérez de Andrade, a localización escollida foi un outeiro rochoso coñecido como pena de Leboreiro. Isto respondía á necesidade defensiva da vila de Pontedeume, un dos feudos principais dos Andrade, pero tamén á procura de dominio visual sobre a desembocadura do río Eume e a ría de Ares.

O castelo conserva en moi bo estado a torre da homenaxe, de planta cadrada e vinte metros de alto, cumprindo a día hoxe a función de privilexiado miradoiro.

15



16



15 Monte Caxado

 43.512981, -7.822078 (As Pontes de García Rodríguez)

A serra da Faladoira ten no monte Caxado o seu teito con 752 metros de altitude sendo tamén un dos puntos máis altos da provincia da Coruña.

O Caxado é un lugar de amplas vistas de 360 grados sobre as pequenas serras e montes desta contorna, como a Coriscada, Bustelo ou a gran serra do Xistral ao lonxe. Nos días despexados chégase a alcanzar coa vista a costa norte de Galicia.

As paisaxes de media montaña esténdense onduladas polos redondeados cumios das serras até onde alcanza a vista. O colorista ton das matogueiras e os piñeiros que medran a pesar dos invernos fríos matizan a escena e contrastan coa singular estación de radar e comunicacións que coroa o monte Caxado.

16 Monte Enxa

 42.703659, -8.983636 (Porto do Son)

Vistas continuas dende cabo Fisterra até Ribeira e unha fantástica perspectiva da ría de Muros e Noia. Isto ofrece o monte Enxa cos seus 539 m.

Localizado nunha contorna forestal nos montes litorais de Porto do Son, o Enxa destaca pola súa paisaxe de media montaña... pero a carón do mar. Esta dualidade outórgalle unha senlleira valía como punto de observación con vistas panorámicas que amosan a integración do sector norte da serra do Barbanza na franxa litoral da ría de Muros e Noia.


Dende o cumio, cara ao noroeste, o fermoso monte Louro parece somerxer as súas rochas graníticas nas augas do Atlántico, forte no mar aberto e pausado cara ao interior da ría.



13



14





19



18



17

17 Miradoiro do Paraño

 43.627656, -8.139697 (Valdoviño)

Valdoviño pasa por ter algúns dos tramos máis espectaculares da costa galega, destacando o Espazo Natural da Lagoa e Areal da Frouxeira.

A praia da Frouxeira, cos seus máis de tres quilómetros de fina area e a lagoa da Frouxeira, espazo intermareal de gran valor ecolóxico, constitúen unha xoia ambiental e paisaxística que pode ser contemplada en toda a súa extensión dende a posición elevada que ofrece o miradoiro do Paraño.

As vistas alcanzan, cara ao suroeste, un amplo treito do borde litoral incluíndo a punta Frouxeira, coa característica silueta do moderno faro de Meirás; o monte Campelo coa súa forma singular e o alongado perfil do cabo Prior, asomando ao fondo.

18 O Farelo

 42.754036, -7.951243 (Antas de Ulla)

A Cima do Farelo con 952 metros serve de vértice entre Agolada e Antas de Ulla, sendo un punto de vixilancia histórico no tránsito entre as comarcas do Deza (Pontevedra) e A Ulloa (Lugo).

Á sombra da veciña serra do Faro, de maior sona e entidade xeográfica, O Farelo constitúe unha serra media dende a que contemplar as magníficas paisaxes agrarias e gandeiras do centro de Galicia, sempre salpicadas por frondosas fragas e o curso de ríos e regatos.

O Farelo ofrece a peculiaridade de poder contemplar as catro provincias galegas nunha soa vista de 360 grados: cara ao norte a serra do Careón (Melide) e mesmo a serra do Xistral (en días claros), cara ao leste os afastados Ancares lucenses, a contigua serra do Faro na parte sur e a serra do Candán pechando o Deza no oeste.



20

19 Monte Faro

 42.621325, -7.897615 (Chantada)

O Faro é unha das cimas destacadas da Dorsal Galega con 1181 metros, a cabalo entre os concellos de Rodeiro (Pontevedra) e Chantada (Lugo).

Referente paisaxístico e espiritual pola presenza da Ermida da Nosa Señora do Faro, construción do século XVII erguida sobre restos de templos anteriores que mostran a relevancia deste espazo como lugar de culto expresada hoxe en dúas grande romarías nos meses de agosto e setembro de grande devoción a nivel galego.

A serra do Faro é tamén un espazo de grande relevancia arqueolóxica, especialmente na súa vertente oeste, pola presenza de mámoas e túmulos funerarios característicos da cultura megalítica. Estas sociedades realizaban os seus enterramentos delimitando o espazo que consideraban linde das súas actividades, sendo a serra do Faro unha fronteira natural evidente.

20 Alto da Cobaluda

 42.601132, -7.179506 (Folgozo do Courel)

O Courel, territorio de mestas devesas e idílicas aldeas conta tamén con altos cumes que amosan a magnitude desta serra, sendo o Alto da Cobaluda (1294 m) un dos picos dende os que contemplar a forza destas montañas.

Os característicos bosques courelás, as devesas, e até os piñeirais teñen desaparecido ao subir a estas altitudes. O monte baixo de uces e carqueixas son a vexetación dominante e outorgan colorido aos montes cando as nevaradas o permiten. As fortes pendentes, a amplitude de vistas e unha orografía de montaña fan da Cobaluda un miradoiro natural dende o que apreciar a inmensidade do Courel, comezando polo pico contiguo, o coñecido Pía Paxaro (1610 m) cara o nordés e seguindo polo cordal até o Formigueiros, teito do Courel con 1641 m.

21 Hospital de Montouto

📍 43.095654, -7.143912 (A Fonsagrada)

Montouto é moito máis que un miradoiro. As fermosas vistas das terras fonsagradinas acompañanse dun conxunto patrimonial de gran valor en pleno Camiño de Santiago.

No século XIV foi fundado o Real Hospital de Montouto, sendo edificado no seu emprazamento actual cara a finais do XVII e permanecendo activo até inicios do XX. Conserva un dos seus edificios e ruínas de varias dependencias que cumprían funcións de acollida para os peregrinos que realizaban o duro Camiño Primitivo cara a Santiago de Compostela.

A carón do vello hospital sitúase unha ermida de construción moderna. Completa o conxunto o Dolmen de Montouto, parte dunha necrópole megalítica.

22 Pico da Frouxeira

📍 43.538147, -7.356203 (Foz)


O Pico da Frouxeira é un lugar con arrecendo a historia. Monte de 427 metros de altitude, na súa cima erguíase o Castelo da Frouxeira do que hoxe quedan escasos restos e marcas nas rochas dos antigos muros entre os rochedos graníticos.

A fortaleza pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, mitificada e controvertida figura da nobreza galega medieval. Castelo inexpugnable ao ser unha plataforma rochosa, o emprazamento ten dominio visual das terras de Foz e do litoral cara ao nordés, de Alfoz e o Valadouro no sector oeste e do produtivo e verde val de San Martiño de Mondoñedo ao seu pé.

24



23



23 Porto de Ancares

 42.870230, -6.818341 (Navia de Suarna)

O Porto de Ancares é un lugar de referencia nestas serras. Punto de unión entre León e Lugo, cos seus 1648 metros de altitude localízase en pleno cordal, comunicando vales e serras, aldeas e montes.

A pendente de subida dende Balouta supera o forte desnivel característico da orografía ancaresa. Na cima do porto as vistas de ambas vertentes impresionan: ao norte, dende o miradoiro de Balouta, amplas vistas do apracible val que contrasta cos escarpados cumios; cara ao sur o val de Ancares, xa leonés, descende sen fin.

24 O Cebreiro

 42.709455, -7.043422 (Pedrafita do Cebreiro)

A pequena aldea do Cebreiro é un lugar cargado de simbolismos, en pleno Camiño Francés de peregrinación a Santiago de Compostela.

Punto de entrada a Galicia, a súa cuidada arquitectura popular e o Santuario de Santa María a Real, converten ao Cebreiro nun sitio especial, sobre todo tendo en conta que é punto final dunha dura etapa para os peregrinos.

No alto do Cebreiro, a vista cara ás terras de León permite unha fermosa panorámica das aldeas xa superadas polos camiñantes, como La Laguna, cos outros pequenos núcleos da contorna, como Cernada. O verdor dos campos mestúrase cos ocres das árbores frondosas nun recollido val de agradables texturas.



25 Miradoiro da Cova

42.565489, -7.675429 (O Saviñao)

A Cova ten sona pola súa agarimosa praia fluvial, bañada polas augas do río Miño, e pola cuidada igrexa románica de San Martiño, do século XII. Pero A Cova agocha outro punto de grande interese. Ladeira arriba, entre vides, o lugar de Cuñas goza dunhas extraordinarias vistas do río e do seu máis famoso meandro: o Cabo do Mundo.


O miradoiro da Cova mestúrase coas cores dos viñedos e cos bancais, ofrecendo unha formidable perspectiva do monte do Navallo, rodeado polo río Miño que voltea ao seu redor e configura unha singular morfoloxía que recorda á dun cabo mariño.

26 Miradoiro de Souto Chao

42.408788, -7.471651 (Sober)

Elevado sobre o río, un poderoso outeiro érguese totalmente cuberto polos viñedos. Souto Chao é o lugar idóneo para entender a simbiose entre os Canóns do Sil e o cultivo da vide. En Doade, na vertente de solaina cara ao Sil, o tipo de solo e o microclima xerado polo canón ofrecen unhas fantásticas condicións para o viñedo. As fortes pendentes son salvadas mediante bancais. As dificultades orográficas levan a falar de viticultura heroica, na que as prácticas tradicionais gardan relevancia.

Dende o miradoiro, as cores, o arrecendo e as vistas do río Sil converten a parada nunha experiencia para os sentidos.



27

Miradoiro de Muronovo




43.700795, -7.676835 (O Vicedo)

O Vicedo localízase nun fermoso tramo do litoral lucense e conta con fantásticas praias. O interior tamén agocha atractivos de alto interese como o miradoiro de Muronovo.

Situado a máis de 400 metros de altitude, Muronovo aproveita as vías do parque eólico para obter unha formidable perspectiva da costa, tanto do Vicedo como do veciño Mañón, incluíndo unha boa vista do Barqueiro e de Bares.

A desembocadura do río Sor aparece no medio termo, coas súas pontes na contorna do Porto do Barqueiro e coa singular Ínsua de San Martiño situada nun lugar onde non sabe se aínda é río ou xa é mar.





28



28 Monseivane

 43.390779, -7.574951 (Vilalba)

Monseivane ou Coto de Monseivane é, con 935 metros, o cumio de maior altitude da serra da Carba, moi próxima á serra do Xistral coa que establece o gran cordal montañoso do norte de Galicia.

Pertencente á Terra Chá, a área chaira máis extensa de Galicia, o reborde montañoso da comarca permite óptimas vistas das zonas baixas caracterizadas polas súas paisaxes agrarias e gandeiras ben conservadas e salpicadas por pequenas aldeas e sebes. Na contorna de Monseivane e frecuente atopar gando ceibo, pacendo en liberdade entre prados, matogueiras e piñeirais.

29 Miradoiro de San Roque

 43.663911, -7.579650 (Viveiro)

O monte de San Roque é un dos grandes espazos de lecer dos viveirenses. Situado a 353 metros de altitude, o seu miradoiro brinda unhas espléndidas vistas da contorna da ría de Viveiro, incluíndo a fermosa vila, os portos de Viveiro e Celeiro (un dos máis importantes do norte de Galicia) e a praia de Covas. A desembocadura do río Landro, xa no mar Cantábrico, conforma unha ampla zona húmida de alto valor ecolóxico. No alto, a capela de San Roque vixía o mar e serve de referencia aos mariñeiros tal e como reza a tradicional cantiga Catro vellos mariñeiros: “Boga boga mariñeiro, imos para Viveiro, xa se ve San Roque”.



30 *Miradoiro de San Fiz*

 42.258045, -7.412783 (Chandrea de Queixa)

O miradoiro de San Fiz constitúe un punto extraordinario para a contemplación. Con espectaculares vistas sobre o encoro de Chandrea de Queixa, a serra de Queixa e a Cabeza de Manzaneda como fondo outorgan profundidade e grandiosidade á escena.

Á tranquilidade do lugar súmase a beleza dunha paisaxe de alto valor estético que combina a presenza da auga, o parcelario tradicional no que os campos de cultivo se dividen mediante sebes naturais e pequenas aldeas ao pé do encoro.

31 *Miradoiro do Pedreiriño*

 41.942612, -8.108753 (Entrimo)

O Pedreiriño é unha área de recreo localizada nas proximidades da Terrachán, capital municipal de Entrimo. Elevada entre rochedos e piñeirais, conta cunha privilexiada posición na contorna da serra do Laboreiro. As amplas vistas abranguen grande parte da comarca, o río Limia na zona do encoro de Lindoso e a espectacular serra do Xurés cunha completa vista panorámica dos seus cumios graníticos e frecuentemente cubertos de neve na invernia. O miradoiro está acompañado pola fonte do Pedreiriño e por unha imaxe de San Rosendo esculpida en granito sobre unha rocha, obra do escultor Xosé Cid.

32 Castelo de Monterrei

📍 41.947378, -7.449447 (Monterrei)

Asentado nun outeiro, conformase como un gran conxunto fortificado que conta co castelo, documentado dende o século X e que conserva o patio de armas e pozo; a Torre de Don Sancho, a torre da homenaxe, do século XV; o Pazo dos Condes, renacentista do século XV; o Hospital de Peregrinos, do século XIV e ligado á vía da Prata e a igrexa de Santa María de Gracia, románica do século XIV.

A localización, elevada sobre o val de Monterrei, ofrece amplas vistas da contorna, destacando a vila de Verín e o río Támega. As especiais condicións climáticas, de trazas mediterráneas, fan desta zona unha das principais áreas vitivinícolas de Galicia, outorgando á paisaxe colorido e variedade.

33 Miradoiro de Cabezoás

📍 42.373883, -7.604678 (Parada de Sil)

Cabezoás é un dos miradoiros máis populares da Ribeira Sacra, o que indica a súa relevancia nun territorio caracterizado pola abundancia e calidade de puntos de observación.

Localízase ao pé da estrada, fronte ao meandro coñecido como Coto das Boedas, impresionante mole granítica de máis de 700 metros de altitude que cae vertical ao río nun desnivel que supera os 400 metros. Estamos nun dos puntos de maior profundidade do Canón do Sil.

Cabezoás conta cunha pasarela de madeira e unha plataforma que acentúa a visión vertixinosa do río, rodeada da vexetación propia da zona como castiñeiros, carballos e uceiras.

33



34



34

Miradoiro do Barranco Rubio

 42.411556, -7.132480 (A Rúa)

O Barranco Rubio ten un amplo dominio visual das terras de Valdeorras. Situado próximo aos 800 metros de altitude, nunha ladeira de forte pendente sobre o val fluvial do Sil.

A serra do Cereixido pecha a comarca de Valdeorras cara ao norte, con altitudes que a asimilan ao Courel, continuación xeográfica da mesma.

Dende o Barranco Rubio, as vistas cara ao sur son amplas e significativas: os núcleos da Rúa e Petín, e o encoro de San Martiño no río Sil e as grandes extensións de viñedo que aproveitan as bondades climáticas do val.

35

A Moá


 42.429359, -7.299367 (San Xoán de Río/
Ribas de Sil)

Miradoiro natural, A Moá é un deses lugares dende os que interpretar o territorio nun sentido amplo. Cos seus 1123 metros de altitude constitúe un magnífico punto dende o que apreciar o val de Quiroga e Ribas de Sil, amplo e profundo á vez, tendo de fondo, nunha fantástica vista panorámica, as diversas serras que configuran O Courel.

A Moá establece o límite entre as provincias de Ourense e Lugo. Dende o punto de vista orográfico ofrece continuidade na paisaxe, pasando dunha chaira con monte baixo a unha vertente que cae cara ao río Sil cun forte desnivel.




32



35





36 Torre da Pena

 42.088107, -7.672802 (Xinzo de Limia)

A Limia é unha comarca singular. Configurada xeograficamente en relación á gran chaira fluvial do río Limia, a presenza de grandes cultivos extensivos define a súa paisaxe.

Dende a Torre da Pena obsérvanse ben estas características singulares. Elevada nun outeiro, procuraba unha posición defensiva que domina un gran campo visual da chaira limiá. A fortaleza, que conserva a torre da homenaxe, foi construída no século XII xunto con outras similares como Sandiás, Porqueira e Celme, configurando un sistema defensivo que protexía á Limia dos ataques de Portugal.

37 Miradoiro do Cortelliño

 42.808152, -8.446813 (Baiona)

A serra da Groba sitúase moi próxima ao litoral de Baiona e Oia. Nela hai numerosos puntos de observación localizados a unha certa altitude o que permite ter boas vistas sobre o mar. Así sucede co miradoiro do Cortelliño, espazo de lecer ao que se accede por unha pasarela de madeira e dende o que se pode gozar de amplas vistas sobre as rías de Vigo, Pontevedra e Arousa e mesmo Fisterra en días claros.

Localizada na magnífica contorna natural da Groba, a súa posición privilexiada permite a observación nítida de espazos como a vila de Baiona, Nigrán, o val Miñor, Monteferro e as illas Cíes, impresionantes na entrada da ría de Vigo.



37



36



38

38 Monte do Facho

 43.724133, -7.945587 (Cangas)

O Facho de Donón é un punto particular do litoral galego que concentra diversos valores patrimoniais e paisaxísticos. Localizado na Costa da Vela, posúe unha fantástica perspectiva das illas Cíes e Ons e amplas vistas sobre as bocanas das rías de Pontevedra e Vigo.

Fito paisaxístico, sobresaie pola súa morfoloxía e concentra un rico legado patrimonial destacando o facho ou faro, pequena construción do século XVII que puido ser tamén posto de vivia. Antigo santuario romano, a súa posición estratéxica provocou diversas ocupacións, incluíndo un poboado castrexo.

39 Faro de Avión

 42.851319, -9.053952 (Covelo)

Os 1151 metros do Faro de Avión supoñen o punto máis alto da provincia de Pontevedra. Localízase no límite provincial con Ourense, no sector meridional da Dorsal Galega, conxunto de serras que atravesa o centro de Galicia con disposición norte-sur.

Dende o miradoiro, o val do Tea contéplase amplo. Numerosos ríos baixan destas serras sendo o Deva e o Tea os máis relevantes. Mostra tamén boas vistas da serra do Suído, continuación natural da serra do Faro de Avión e hábitat común para moitas especies animais.

Destaca a diversidade da vexetación segundo a altitude, con prados e cultivos nos vales, fragas e bosquetes nas ladeiras e matogueiras e rochedos nas zonas de cumio.

40 Con da Siradella

📍 42.470141, -8.880850 (O Grove)

O Grove é unha pequena península localizada no extremo sur da ría de Arousa. A praia da Lanzada é o punto de unión con terra pero isto non sempre foi así, dado que o Grove foi unha illa até que os arrastres do río Umia por un lado e as dunas da Lanzada polo outro foron creando o istmo do Vao.

O Con da Siradella é o punto de maior altitude do Grove, con 165 metros. O coidado miradoiro de madeira permite vistas de 360 grados, cunha boa perspectiva do istmo e da praia da Lanzada que permite entender mellor este fenómeno.

O miradoiro sitúase nun monte de piñeiros no que destacan os conxuntos de bolos graníticos e os afloramentos rochosos de curiosas formas, o que nos fai entender o nome de "con", que significa "pedra".

41 Santa Trega

📍 41.888698, -8.870974 (A Guarda)

Santa Trega é un dos lugares máis coñecidos de Galicia. Monte mítico do litoral galego e miradoiro espectacular que permite vistas de 360 grados sobre a desembocadura do río Miño e as costas de Galicia e Portugal, sendo lugar estratéxico para a vixilancia entre os dous países.


Localizado xusto no extremo suroeste de Galicia, o monte de Santa Trega goza dunha espectacular contorna paisaxística e conta con diversos elementos de alto interese patrimonial como o castro, os petróglifos ou a ermida do século XII.

A inmensidade do océano Atlántico contrasta co recollemento do val do río Miño, sendo moi recomendable a contemplación de ambos no momento da posta do sol, auténtico espectáculo de luz e cores.

43



41



42

Miradoiro das Tres Rías

 42.447934, -8.405458 (A Lama)

Punto sorprendente da xeografía galega, o miradoiro das Tres Rías ofrece abertas vistas panorámicas das Rías Baixas (Arousa, Pontevedra e Vigo) coa peculiaridade de facelo dende a serra do Cando, no interior da provincia de Pontevedra e parte do conxunto de serras da Dorsal Central Galega.

O miradoiro das Tres Rías sitúase no monte Seixo, coñecido como a “Montaña Máxica” pola presenza de diversos elementos rochosos tan máxicos como A Porta do Alén ou o Marco do Vento, relacionados con crenzas populares sobre o tránsito ao máis alá.

A paisaxe de montaña é acompañada pola presenza de gando en liberdade, constituíndo escenas de gran beleza con vistas do curso alto do río Verdugo e da veciña serra do Suído, de similares características.

43

Monte San Nomedio

 42.134756, -8.413139 (As Neves)

O monte e a ermida de San Nomedio localízanse a 694 metros de altitude nun outeiro de forte desnivel, pertencente aos montes da Paradanta, pequeno sistema de media montaña no sur da provincia de Pontevedra.


O desnivel xera vistas espléndidas sobre os vales dos ríos Termes e Xuliana, así como do Miño ao lonxe, contemplando grande parte das terras do concello das Neves e alcanzando tamén o norte do territorio portugués.

A ermida é de fábrica sinxela, cunha soa nave e de modesta edificación. A súa festividade celébrase en agosto cunha romaría e relaciónase coa protección ás colleitas.

Diferentes lendas o identifican co mítico monte Medulio, lugar da derrota final dos galaicos fronte ao poder romano, na que se dí que os guerreiros, antes de ser sometidos quitáronse a vida ao berro de “Denantes mortos que escravos”.



40



42



44 Cano dos Mouros

 42.044300, -8.869120 (Oia)

O Cano dos Mouros é un outeiro de 287 metros de altitude que serviu de asentamento do poboado castrexo do mesmo nome. O castro procurou esta localización pola amplitude de vistas que permitía a vixilancia da costa e do tránsito terrestre, complementando a dous castros contiguos e de maior tamaño, A Cabeceña e Chavellas.

O forte desnivel implica unha posición defensiva sendo hoxe un miradoiro natural de impresionantes vistas sobre a costa de Oia.

A presenza de gando solto, moi habitual na serra da Groba, xunto cos característicos piñeirais desta contorna completan un conxunto que impresiona pola orografía montañosa e as extensas vistas sobre o Atlántico.

45 A Fracha

 42.396862, -8.599967 (Pontevedra)

O monte da Fracha é un parque forestal que conta con área de lecer e diversos sendeiros habilitados para o paseo e clasificados segundo dificultade. O seu miradoiro abrangue as rías de Pontevedra e parte da ría de Vigo.

Destaca a vista xeral da cidade de Pontevedra, asentada nas ribeiras do río Lérez xusto antes da súa desembocadura. A Fracha permite unha perspectiva completa da cidade e dos seus diversos barrios.

A contorna responde aos habituais montes do litoral das Rías Baixas, redondeados e con cuberta vexetal que alterna plantacións forestais nas ladeiras con matogueiras e rochedos nas partes altas.



46






Elevado, cunha sobranceira forma e visible dende grande parte da comarca, o monte da Peneda é un dos lugares máis característicos da contorna da ría de Vigo.

A capela da nosa señora das Neves ou da Virxe da Peneda, datada no século XVII, preside o alto deste curuto de 329 metros e moi fortes pendentes. A edificación ocupa o lugar do castro da Peneda, asentamento que aproveitaba a fácil defensa estratéxica e a amplitude de vistas.

Dende o miradoiro, a carón da súa vella sobreira, divisase a ría de Vigo, dende a súa formación na desembocadura do río Verdugo ata a ponte de Rande, coas illas Cíes ao fondo.





47

Miradoiro da Cruz de San Xiao

 42.081788, -8.680794 (Tui)

O Parque Natural do Monte Aloia posúe gran riqueza natural e patrimonial pero tamén estética e panorámica. Nunha atalaia de máis de 600 metros de altitude, sitúase este miradoiro natural no que destaca a gran cruz de San Xiao, erguida no ano 1900 e visible dende a poboación de Tui.

Dende aquí contéplase o curso do río Miño, os bosques das ribeiras galega e portuguesa e o amplo val fluvial, dende Salvaterra de Miño ata o monte de Santa Trega, xa na desembocadura. Exercicio de interese é recoñecer as vilas que se estenden polo Baixo Miño a ambos lados da fronteira con Portugal: Tui, Valença do Minho, Goián, Vilanova de Cerveira, etc.

48

Monte Cepudo

 42.169946, -8.735720 (Vigo)


Vigo conta cun cinto verde formado polos montes que bordean a cidade. En moitos casos a altitude e localización converte a estes espazos en miradoiros naturais privilexiados.

O monte Cepudo é un deles e presume de ser, xunto co monte Alba, o de mellores vistas da contorna da ría. Conta ademais cunha extensa área de lecer e diversos servizos, sendo o miradoiro habilitado o principal atractivo deste espazo pola beleza do observado.

Dende os 527 metros de altitude, a ría de Vigo preséntase maxestosa, coa illa de Toralla en primeiro plano, as illas Cíes no medio e dilatadas vistas do litoral das Rías Baixas cara ao noroeste. Pola outra banda vemos a costa de Nigrán e Baiona ademais dos montes vigueses de Coruxo e Saiáns.



47



48



50

49

Miradoiro de Cotorredondo

 42.353168, -8.675164 (Vilaboa)

Habilitado como Parque da Natureza, Cotorredondo é un espazo natural e de lecer localizado no centro da península do Morrazo, compartido polos concellos de Vilaboa, Marín e Moaña.

O lago de Castiñeiras artella a un conxunto que destaca pola súa variedade arbórea e por dispoñer dunha aula da natureza habilitada para a educación ambiental.

Dende o miradoiro de Cotorredondo, a 550 metros de altitude, dispónse dunha ampla perspectiva do fondo da ría de Vigo cara ao sur, destacando a enseada e illa de San Simón e cara ao norte as rías de Pontevedra e Arousa.

50

Miradoiro da Cruz de Lobeira

 42.564078, -8.761996 (Vilanova de Arousa)

A ría de Arousa é un verxel entre o conxunto das rías galegas. Considerado como un dos espazos mariños máis produtivos do mundo, a calidade das súas augas, a súa temperatura ou as súas correntes fan deste espazo un lugar único.

O miradoiro da Cruz de Lobeira goza de vistas sobre a ría e a illa de Arousa cara ao oeste, coa serra do Barbanza ao fondo. Pola outra banda, no leste, a paisaxe do interior da provincia de Pontevedra e, cara ao sur, a península do Salnés e a illa de Ons, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.

O monte Lobeira conta con outro espazo habilitado como miradoiro, pero é dende a Cruz de Lobeira onde se atopan as vistas máis espectaculares, nun lugar de antiga ocupación como testemuña a presenza castrexa e de mámoas, entre outros.



A Coruña



7 olladas urbanas

Miradoiro de San Pedro

43.377407, -8.433025

O miradoiro de San Pedro permite unha privilexiada mirada sobre a Coruña e a súa perfecta fusión co Atlántico, protagonista absoluto da cidade.


Localizado no extremo oeste, o monte de San Pedro preside dende o alto a enseada do Orzán. Ao abeiro desta, as praias do Orzán, Matadoiro e Riazor invitan ao baño en plena cidade. Lugar singular, onde o espazo é unha extensa zona de lecer que conta con diversos atractivos como a Cúpula Atlántica (miradoiro cuberto con vistas de 360 grados e elementos didácticos interactivos), o Centro de interpretación da batería (que nos lembra a relevancia estratéxica deste lugar) e o Ascensor panorámico, singular medio que evita o desnivel entre o Paseo Marítimo e o alto de San Pedro.


Á primeira vista o conxunto urbano non agocha os diversos detalles que se poden observar dende

A Coruña


este punto: o obelisco Millenium, monólito de cristal que conmemora o cambio de milenio e serve de referente visual ao paseante; o Aquarium Finisterrae, coñecido como a Casa dos Peixes, museo e centro de divulgación que permite un completo repaso á costa galega e a Torre de Hércules, faro de orixe romana que data do século I d.C, o faro en funcionamento máis antigo do Mundo, declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 2009.

Ao lonxe, pódese ver o Golfo Ártabro, un arco litoral conformado polas rías de Ferrol, Ares- Betanzos e A Coruña, e designado xa polo xeógrafo Estrabón no século I .a.C. como *Portus Magnus Artabrorum*. A mirada pérdese nos afastados cabos Prioriño e Prior, entre as brumas mariñas, se ben a lenda di que dende estas costas pode divisarse Irlanda.





Ermida de Chamorro

 43.507868, -8.245195

Ferrol é unha cidade de fascinante historia na que a presenza do Arsenal militar e dos estaleiros xeraron un singular desenvolvemento urbano. Dende este miradoiro, a Ermida de Chamorro, pódese observar unha completa vista panorámica da cidade.

A ría de Ferrol coa súa morfoloxía foi a causante da elección deste lugar das Rías altas para o establecemento da Mariña española. A súa estreita bocana garantía a protección da frota a través dos castelos de San Felipe e da Palma, e as súas tranquilas augas facilitaban o fondeo dos buques e deron pé á ubicación do Arsenal. No ano 1726 Ferrol foi designada como capital do Departamento Marítimo do Norte de España, polo que a partir de entón é coñecida como a "Cidade Departamental". O monte de Chamorro sitúase ao

noroeste do casco urbano ferrolá. Na ladeira, érguese a ermida, dende a que é posible ver o fermoso e fértil val de Serantes. A recollida enseada da Malata acompaña a mirada. A cidade amósase alongada, seguindo a liña da costa, mentres os guindastres e grúas dos estaleiros asoman por riba dos edificios. Apréciase grande parte da ría de Ferrol, co Montefaro de Ares na entrada, pechando a perspectiva.

Nos rochedos de Chamorro, a ermida sostense sobre unha pedra de abalar. A edificación, de estilo gótico tardío, data de comezos do século XVI e conta cun senlleiro pórtico cuberto. No interior, atoparemos a imaxe da Virxe de Chamorro, coñecida tamén como a Virxe do Nordés, unha talla románica en madeira que é sacada en procesión os luns de Pascua.

Ferrol

Paseo dos Leóns

42.878417, -8.548445

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é unha cidade extraordinaria por moitos motivos, sendo o Paseo dos Leóns, ubicado na Alameda compostelá, o lugar que nos ofrece unha das mellores vistas do seu casco histórico.

O conxunto conformado pola súa Catedral, obxectivo último dos miles de peregrinos que cada ano chegan a Galicia e o seu centro histórico, foi declarado Patrimonio da Humanidade no ano 1985. Ambos poden ser contemplados directamente, nunha estampa única, dende o Paseo dos Leóns.

A Alameda é un dos grandes espazos verdes dunha cidade que destaca pola súa rede de parques. Os terreos foron doados á poboación polo conde de Altamira no século XVI, e rematou converténdose co tempo en lugar de referencia para residentes e visitantes. A zona da Carballeira coroada na parte alta pola capela de santa Susana, ocupa a maior parte da súa superficie, e é o lugar no que se celebraba a antiga e multitudinaria feira do gando.

No 1885 dúas grandes figuras escultóricas con forma de león foron trasladadas dende a Porta Faxeira, sendo colocadas na entrada do Paseo da Ferradura, percorrido semicircular que bordea a Alameda. Dende entón, este tramo recibe a denominación de Paseo dos Leóns.





Muralla Romana

43.009187, -7.559192

Lugo pode presumir de conservar a súa muralla romana completa. A vella *Lucus Augusti*, fundada polo emperador Augusto no século I a.C., foi un relevante bastión durante o Imperio Romano, sendo construído o recinto amurallado a finais do século II d.C.

10 portas, 71 torres e máis de 2200 metros de perímetro intacto fan da Muralla de Lugo unha xoia que mereceu a consideración de Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 2000.

As diversas modificacións non rachan as liñas básicas coas que o enxeñeiro romano Vitrubio, dotou a esta construción en granito e lousas, de clara vocación defensiva.

As 4 portas orixinais pasaron a ser 10, das 85 torres consérvanse 71 mantendo só a Torre da Mosqueira coa morfoloxía

orixinal, consistente en varios pisos de altura e dobre arco de medio punto a modo de xanelas.

Os anchos muros, de entre 4 e 7 metros, permiten un longo paseo que fai a función de miradoiro continuo elevado sobre a cidade. O interior da muralla é un completo catálogo de urbanismo, arquitectura e arte con numerosos elementos a visitar: a monumental Praza Maior, a acolledora Praza do Campo, o Museo Provincial localizado no convento de San Francisco e a Catedral.

Dende a Muralla, á altura da Porta de Santiago, a perspectiva da Catedral de Santa María é fabulosa. A fachada neoclásica convive coa base románica e con elementos góticos e barrocos, nunha mostra de evolución histórica que ben pode equipararse ao devir da cidade.

Lugo





Montealegre

 42.334830, -7.850848

Elevado até os 471 metros, Montealegre é un dos grandes espazos de lecer da cidade de Ourense. Dominado polas súas pendentes, ofrece interesantes vistas da cidade, asentada nas ribeiras do río Miño. Antiga canteira, algún destes espazos foron rehabilitados e son utilizados agora como auditorios ao aire libre.

As condicións climáticas e o tipo de solo de Montealegre levaron en 2011 a crear neste monte do leste da capital ourensá un parque botánico de 15 hectáreas de extensión, dotado con máis de 240 especies vexetais que, en moitos casos, son propias de ambientes mediterráneos.

A Cruz de Montealegre é o punto

de maior amplitude de vistas, motivo polo cal foi colocada unha plataforma a modo de miradoiro e un banco que pasou a ser considerado como o “banco máis bonito de Ourense”. Dende o miradoiro a cidade móstrase case por completo, sendo posible contemplar o asentamento urbano no val fluvial.

O espazo ten, ademais, un uso didáctico e investigador en relación á biodiversidade e á súa xestión e protección, contando tamén cun centro de interpretación e investigación que conforma un destacable conxunto arquitectónico a base de bloques intercomunicados e que integran as antigas infraestruturas industriais.

Ourense



A Caeira

 42.434358, -8.658619

Algunhas das mellores vistas da cidade do Lérez poden ser atopadas na Caeira. Localizado no linde entre os concellos de Pontevedra e Poio, A Caeira é máis que un miradoiro.

O barrio da Caeira é unha zona residencial que conta con fermosas vistas sobre Pontevedra e a súa ría. Na parte alta, con acceso rodado, un miradoiro permite unha completa vista panorámica da paisaxe urbana da capital pontevedresa, con especial significación para as pontes sobre o río Lérez e que serven de mostra da evolución da cidade,

Pontevedra

dende a Ponte do Burgo, pola que transcorre o Camiño Portugués, pasando pola Ponte da Barca e a moderna e rupturista Ponte dos Tirantes.

A Área Arqueolóxica da Caeira permite realizar unha visita ordenada ao conxunto de petróglifos - gravados rupestres - da Idade do Bronce atopados nesta zona. Para evitar a pendente, unha pasarela de madeira ascende zigzagueante e permite percorrer devagar o conxunto patrimonial mentres se goza das extraordinarias vistas.





Monte do Castro

 42.232374, -8.726050

O monte do Castro é o punto máis elevado do centro da cidade de Vigo con 149 metros, é o auténtico pulmón verde da urbe, con diversas especies de árbores frondosas e un gran piñeiral. Isto conforma o Castro como un gran parque botánico, incluíndo diversas rutas e paseos.

Dende o miradoiro do Castro as vistas da cidade e da ría son sublimes: a magnitude da cidade en primeiro termo, os montes do Morrazo na outra ribeira e as illas Cíes cara ao oeste, ofrecen postas de sol que enchen o mar de cor.

Na parte baixa do monte consérvase o xacemento castrexo, datado entre os séculos III e I a.C.


Vigo

Posteriormente foi fortificación romana, cristianizándose logo coa ermida da Nosa Señora do Castro. A construción da fortaleza medieval, o Castelo do Castro, cumpría funcións de vixilancia sobre a ría, ao aproveitar a elevación do terreo. Do recinto fortificado consérvanse diversos elementos no seu perímetro como muros, portas e varias troneiras, estando habilitado como xardín o seu interior.

As diversas instalacións portuarias indican a puxanza industrial de Vigo e amosan a evolución histórica dunha cidade que medrou a partir do castro localizado neste punto.



paisaxes literarias



Cada pobo expresa os seus sentimentos a través dos seus ditos, cantigas ou refráns e os seus poetas encarnan tamén as arelas colectivas en cada verso. A paisaxe galega foi, é, e sen dúbida seguirá a ser

fonte de inspiración destas creacións literarias dos galegos. Nestas páxinas recolleemos algúns retricos desas voces populares que tan ben souberon debuxar as cores das nosas paisaxes.

En Ares, non te pares.

En Redes, non te quedas.

En Caamouco, para pouco.

Dito popular

Ládranlle os cás de palleiro
as **néboas** de media noite
que, coma lobos famentos,
faíscan nivand'o monte...

Noite de inverno, Manuel Luís Acuña
(poeta de Trives)

o **Sil** leva a auga,

o **Miño** leva a fama.

Dito popular

Miña Virxe do **XURÉS**,
que tan alta se foi pór,
entre toxos e carqueixas
e carballos darredor
Cantigueiro popular da
Baixa Limia,
Xaquín Lorenzo

Cheguei a **Fisterra**, alí onde
o sol esmaiado e silandeiro
morre no mar como umha bágoa.

Fisterra, Manuel María

Néboa na **GROBA**,
nordeste afora.

Dito popular

A **Ribadeo**, a Ribadeo, que alí tamén
fun eu. Cando o Mondigo pon o capelo,
todas as vellas tembran de medo

Dito Popular

*Se queres tomar un bo viño,
ó pasar polo **Ribeiro**
vaí por Castrelo de Miño*

Dito popular

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...

OS EIDOS, UXÍO NOVONEYRA

A luz cría matices sobre as **augas**:
grises, cores, **azuís case verdes**
e o **negro** dos fagotes que descendem
da mítica montaña.

Na ribeira da ría,
Laureano Álvarez (poeta de Ortigueira)

**Campana de
Anllóns,**
*Noites de lunar,
Luna que te pós,
Detrás do pinar*
Campana de Anllóns
(Eduardo Pondal,
poeta de Ponteceso)

*O gaiteiro da Gudiña
e mais o da Martiñá
andan en preito co vento
e non sei quen gañará*
Cancioneiro popular

O QUE VE ANCADRES,

VE TODOS OS LUGARES

Dito popular

Así son aquelas terras de
Camba, Deza e Trasdeza,
con tantos anos de historia
como anos ten o mundo;
dende os celtas que cons-
truíron un castro en cada
curuto.

Antonio de Valenzuela
(escritor de Silleda)

Cando vamos a Cabeza Grande,
Cabeza de Manzaneda.

Miña **Galicia** querida.
Ese é o Ceo da terra.

Canción popular

A **San Andrés de Teixido**
fun coa cesta na cabeza,
fun por mar e vin por terra
o santiño mo agradeza
Cantiga Popular

Ascende o home

pola **ribeira** en costa.
Agatuña o socalco,
salmodia do alén.
Ribeira Sacra, Francisco X.
Fernández Naval

A Fonsagrada
está nun alto
e Naraxa nun baixiño
máis arriba Vilabol
cun pelexiño de viño
Dito Popular

Presentádeme un outro Deucalión
para invadir o mar tal **Cabo Home**
cunha nave de pedra, a illas remotas.
No misterio de Nerga-Cabo Home,
Bernardino Graña

Somos **augá**, e a auga
pode có máis duro.
Somos **SERRA**, a serra
protéxenos, e nós protexerémola.
Manuel Rivas (en referencia
á serra do Galiñeiro)

O faro de Corrubedo
co seu ollo largasío,
ai amor, púxome medo
Triadas no mar e na noite,
Fermín Bouza Brey

Entre Cabo Vilano e Tosto,
entre Arou e Camariñas.
Hai chuvias das sete cores
e mirei ao lume do mar cravarse
nos ollos do raposo.
O Cemiterio dos Ingleses, Manuel Rivas.

O Cebreiro,
transmisor de costumes e
estruturas prerromanas
é sempre fito e feudo dos
peregrinos a Compostela
Elías Valiña, o Cura do Cebreiro

Lambe orballiñas
e asubiar asubía
...asubía o vento
escoitade: **Suído.**
Xosé Luis Santos Cabanas

O viño de Valdeorras
delicias do corazón
Se bebemos un grolíño
cantaremos a seu son
Cantaremos a seu son,
O viño de Valdeorras delicias
do corazón.
Cantigas do viño de Valdeorras

**Edita**

Turismo de Galicia
Estrada Santiago-Noia, Km.3
15897 Santiago de Compostela

Asistencia técnica

Francisco **García**
Fundación Galicia Sustentable

Fotografía

Víctor **Barro**
Xaime **Cortizo**
Santiago **Bacariza**
Arturo **Rodríguez**
Arquivo Turismo de Galicia
Concello de **Baiona**
Concello de **Boqueixón**

Depósito legal

C 2027-2017

**escenarios
ao volante**

25 rutas insólitas
polas mellores paisaxes

50 miradoiros
imprescindibles

